La Voz de Galicia LUNS 1 ABRIL 2019 • ANO XIII – Nº 539 • Correo: liderlugo@lavoz.es

premios líder 2019 fútbol-base lucense

**Coñece os nomeados Xuvenil Provincial**

# 1.Líder



# PRIMEIROS CAMPIÓNS

**O CD Lugo Benxamín A** foi o equipo máis madrugador á hora de alzarse cun título Provincial esta tempada. Os albivermellos dirixidos por Hugo Vázquez recuperan o trono lucense da categoría nun curso no que suman todos os seus partidos por vitorias a falta de tres xornadas

DIVISIÓN HONRA CADETE

## O Lugo xa avista o podio



Os de Martín Murado suman sete vitorias consecutivas e asedian o terceiro posto dun Ural ao que visitarán na próxima xornada. De gañar, os albivermellos asaltarían o chanzo de bronce da máxima categoría do fútbol base cadete

PROVINCIAL INFANTIL

## A Magdalena manda e o Rácing é o novo líder

O Viveiro caeu ante o Villalbés 4-2 e os de Jandro Novoa lideran a clasificación como mínimo ata pasadomañá, xa que o Burela visita As Gándaras para xogar o aprazado ante o Sagrado Corazón

REPORTAXE

## Charla formativa de porteiros na Deputación

A RFGF organizou o coloquio no que os poñentes foron Roberto Fernández -ex futbolista do Granada e CD Lugo que agora prepara aos porteiros do club albivermello- e Manu Sotelo, ex porteiro de RC Celta e RC Deportivo

PROVINCIAL CADETE




## Máxima igualdade no alto da táboa a falta de tres xornadas

Polvorín, 28 puntos, Ribadeo e Residencia 27. Os dous equipos capitalinos mídense a próxima fin de semana na Cheda e os mariñaos, tras impoñerse no Pepe Barrera, asaltarían o liderado en solitario sempre que non gañen os de Montirón

Líder

# Clasificacións » Ligas Superiores e Provinciais

## XUVENIL D. DE HONRA

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| R. Ferrol – Bansander | 1-1 |
| R. Santander – Deportivo | 3-0 |
| Pontevedra – TSK Roces | 1-2 |
| R. Oviedo – Covadonga | 4-0 |
| At. Perinés – RC Celta | 2-3 |
| Ural – Sp. Gijón | 1-4 |
| Colindres – CD Lugo | 2-1 |
| Val Miñor – Alondras | 3-0 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTOS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| RC CELTA | 77 | 29 | 25 | 2 | 2 | 75 | 24 |
| SPORTING GIJÓN | 69 | 29 | 21 | 6 | 2 | 82 | 22 |
| R SANTANDER | 62 | 29 | 19 | 5 | 5 | 74 | 29 |
| URAL CF | 51 | 29 | 16 | 3 | 10 | 53 | 47 |
| RC DEPORTIVO | 50 | 29 | 15 | 5 | 9 | 59 | 31 |
| REAL OVIEDO | 49 | 29 | 14 | 7 | 8 | 45 | 23 |
| **CD LUGO** | **47** | **29** | **14** | **5** | **10** | **50** | **36** |
| BANSANDER | 37 | 29 | 11 | 4 | 14 | 45 | 57 |
| ATL PERINES | 36 | 29 | 10 | 6 | 13 | 46 | 56 |
| ED VAL MIÑOR | 33 | 29 | 9 | 6 | 14 | 35 | 44 |
| RACING FERROL | 32 | 29 | 8 | 8 | 13 | 37 | 55 |
| TSK ROCES | 30 | 29 | 9 | 3 | 17 | 41 | 66 |
| PONTEVEDRA CF | 29 | 29 | 9 | 2 | 18 | 32 | 58 |
| CD COVADONGA | 23 | 29 | 5 | 8 | 16 | 27 | 58 |
| CD COLINDRES | 18 | 29 | 4 | 6 | 19 | 23 | 65 |
| ALONDRAS CF | 13 | 29 | 3 | 4 | 22 | 20 | 73 |

### ÚLTIMA XORNADA

Bansander – R. Santander
Sp. Gijón – Colindres
Deportivo – Pontevedra
CD Lugo – Val Miñor
TSK Roces – At. Perines
Alondras – R. Ferrol
Covadonga – Ural
Celta – R. Oviedo

## XUVENIL LIGA NACIONAL

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Porriño – Orillamar | 4-2 |
| CD Lugo B – Pabellón | 5-1 |
| Val Miñor B – Conxo | 1-3 |
| Celta B – Sta. Mariña | 6-0 |
| Arosa SC – RC Villalbés | 2-1 |
| Choco – CD Areosa | 0-2 |
| Victoria – CD Lérez | 6-3 |
| Deportivo B – R. Bouzas | 3-0 |
| Calasanz – Valladares | 5-0 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTOS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C. CELTA "B" | 71 | 28 | 23 | 2 | 3 | 89 | 25 |
| C.D. CALASANZ | 63 | 28 | 19 | 6 | 3 | 49 | 22 |
| VICTORIA C.F. | 53 | 28 | 16 | 5 | 7 | 68 | 47 |
| C.D. CONXO | 52 | 28 | 16 | 4 | 8 | 67 | 49 |
| DEPORTIVO "B" | 52 | 28 | 16 | 4 | 8 | 64 | 28 |
| C.D. CHOCO | 45 | 28 | 14 | 3 | 11 | 52 | 37 |
| C.D. AREOSA | 44 | 28 | 14 | 2 | 12 | 46 | 42 |
| PORRIÑO C.F. | 44 | 28 | 13 | 5 | 10 | 56 | 51 |
| PABELLON C.F. | 44 | 28 | 13 | 5 | 10 | 47 | 36 |
| **R. VILLALBES** | **42** | **28** | **12** | **6** | **10** | **40** | **42** |
| RAPIDO BOUZAS | 33 | 28 | 8 | 9 | 11 | 30 | 37 |
| **C.D. LUGO "B"** | **31** | **28** | **9** | **4** | **15** | **47** | **59** |
| VAL MIÑOR "B" | 30 | 28 | 7 | 9 | 12 | 35 | 51 |
| VALLADARES | 29 | 28 | 8 | 5 | 15 | 42 | 69 |
| AROSA S.C. | 24 | 28 | 6 | 6 | 16 | 28 | 46 |
| SANTA MARIÑA | 24 | 28 | 6 | 6 | 16 | 27 | 47 |
| ORILLAMAR S.D. | 20 | 28 | 6 | 2 | 20 | 30 | 80 |
| C.D. LEREZ | 11 | 28 | 2 | 5 | 21 | 34 | 83 |

### PRÓXIMA XORNADA

Valladares – Porriño
RC Villalbés – Choco
Orillamar – CD Lugo B
CD Areosa – Victoria
Pabellón – Val Miñor B
CD Lérez – Deportivo B
Conxo – RC Celta B
R. Bouzas – Calasanz
Sta. Mariña – Arosa SC

## XUVENIL GALEGA NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Compostela – Ural B | 1-0 |
| Residencia – At. Arteixo | 4-0 |
| As Pontes – Victoria B | 2-2 |
| G. Caranza – Estrada | 3-1 |
| Montañeros – Bergantiños | 1-2 |
| EF Lalin – Viveiro CF | 2-2 |
| Conxo B – Dumbria | 2-2 |
| O Val – At. Riveira | 3-1 |
| Betanzos – Boiro | 0-1 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTOS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| E.F. LALIN | 66 | 28 | 20 | 6 | 2 | 85 | 34 |
| S.D. O VAL | 60 | 28 | 19 | 3 | 6 | 65 | 32 |
| BERGANTIÑOS C.F. | 59 | 28 | 17 | 8 | 3 | 62 | 25 |
| MONTAÑEROS C.F. | 56 | 28 | 16 | 8 | 4 | 55 | 25 |
| S.D. COMPOSTELA | 53 | 28 | 16 | 5 | 7 | 50 | 36 |
| **VIVEIRO C.F. "A"** | **48** | **28** | **13** | **9** | **6** | **51** | **44** |
| C.F. DUMBRIA | 48 | 28 | 14 | 6 | 8 | 45 | 35 |
| C.D. BOIRO | 43 | 28 | 13 | 4 | 11 | 47 | 44 |
| URAL C.F. "B" | 42 | 28 | 12 | 6 | 10 | 51 | 38 |
| ESTRADA | 39 | 28 | 12 | 3 | 13 | 41 | 50 |
| VICTORIA C.F. "B" | 38 | 28 | 11 | 5 | 12 | 47 | 49 |
| C.D. CONXO "B" | 35 | 28 | 11 | 2 | 15 | 54 | 45 |
| GALICIA CARANZA | 33 | 28 | 9 | 6 | 13 | 53 | 54 |
| **S.D. RESIDENCIA** | **30** | **28** | **8** | **6** | **14** | **49** | **61** |
| C.D. AS PONTES | 24 | 28 | 6 | 6 | 16 | 33 | 49 |
| AT. DE RIVEIRA | 17 | 28 | 5 | 2 | 21 | 44 | 103 |
| AT. ARTEIXO | 11 | 28 | 2 | 5 | 21 | 31 | 79 |
| BETANZOS C.F. | 8 | 28 | 2 | 2 | 24 | 21 | 81 |

### PRÓXIMA XORNADA

Boiro – Compostela
Bergantiños – EF Lalín
Ural B – Residencia
Viveiro CF – Conxo B
At. Arteixo – As Pontes
Dumbria – O Val
Victoria B – G. Caranza
At. Riveira – Betanzos
Estrada – Montañeros

## XUVENIL GALEGA SUR

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Coruxo – Ribadumia | 1-1 |
| Calasancio – Comesaña | 1-0 |
| Barco – A Seca | 0-2 |
| Alondras B – Choco B | 4-0 |
| Ourense CF – UD Ourense | 3-2 |
| Vila Corpus – Barbadas | 5-0 |
| Portonovo – Verin | 3-0 |
| Pabellón B – Monteporreiro | 2-1 |
| AJ Lérez – Tomiño | 1-1 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OURENSE C.F. | 69 | 28 | 22 | 3 | 3 | 92 | 33 |
| U.D. OURENSE | 65 | 28 | 20 | 5 | 3 | 72 | 28 |
| A.J. LEREZ | 48 | 28 | 15 | 3 | 10 | 70 | 40 |
| MONTEPORREIRO | 48 | 28 | 15 | 3 | 10 | 59 | 41 |
| PABELLON "B" | 47 | 28 | 13 | 8 | 7 | 67 | 40 |
| PORTONOVO S.D. | 43 | 28 | 13 | 4 | 11 | 49 | 48 |
| U.D. BARBADAS | 41 | 28 | 12 | 5 | 11 | 36 | 44 |
| CORUXO F.C. | 39 | 28 | 10 | 9 | 9 | 48 | 46 |
| ALONDRAS C.F. "B" | 38 | 28 | 11 | 5 | 12 | 50 | 52 |
| A.C.D. A SECA | 36 | 28 | 11 | 3 | 14 | 48 | 53 |
| **C.P. CALASANCIO** | **36** | **28** | **10** | **6** | **12** | **33** | **36** |
| A.D. TOMIÑO | 35 | 28 | 10 | 5 | 13 | 71 | 73 |
| C.D. RIBADUMIA | 35 | 28 | 9 | 8 | 11 | 47 | 56 |
| U.D. COMESAÑA | 34 | 28 | 10 | 4 | 14 | 47 | 60 |
| A.D. VILA CORPUS | 31 | 28 | 9 | 4 | 15 | 42 | 53 |
| E.D.C. VERIN | 25 | 28 | 6 | 7 | 15 | 40 | 68 |
| C.D. CHOCO "B" | 21 | 28 | 5 | 6 | 17 | 34 | 75 |
| C.D. BARCO | 20 | 28 | 6 | 2 | 20 | 32 | 91 |

### PRÓXIMA XORNADA

Tomiño – Coruxo
UD Ourense – Vila Corpus
Ribadumia – Calasancio
Barbadas – Portonovo
Comesaña – Barco
Verin – Pabellón B
A Seca – Alondras B
Monteporreiro – AJ Lérez
Choco B – Ourense CF

## CADETE DIVISIÓN HONRA

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Coruxo – Ural | 2-0 |
| CD Lugo – Pabellón | 1-0 |
| Ourense CF – Conxo | 1-4 |
| Celta – Sta. Mariña | 8-0 |
| Montañeros – Bergantiños | 0-0 |
| R Ferrol – CD Areosa | 0-0 |
| Victoria – Pontevedra | 2-3 |
| Deportivo – San Tirso | 4-2 |
| Calasanz – Val Miñor | 1-2 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C. CELTA S.A.D. | 78 | 28 | 26 | 0 | 2 | 118 | 16 |
| R.C. DEPORTIVO | 68 | 27 | 22 | 2 | 3 | 84 | 22 |
| URAL C.F. | 57 | 28 | 18 | 3 | 7 | 45 | 27 |
| **C.D. LUGO** | **54** | **28** | **17** | **3** | **8** | **63** | **41** |
| C.D. CALASANZ | 44 | 28 | 13 | 5 | 10 | 36 | 36 |
| PABELLON C.F. | 43 | 28 | 13 | 4 | 11 | 43 | 37 |
| PONTEVEDRA C.F. | 41 | 28 | 13 | 2 | 13 | 49 | 45 |
| CORUXO F.C. | 41 | 28 | 12 | 5 | 11 | 39 | 36 |
| C.D. CONXO | 40 | 28 | 11 | 7 | 10 | 39 | 35 |
| E.D. VAL MIÑOR | 39 | 28 | 11 | 6 | 11 | 47 | 46 |
| SAN TIRSO S.D. | 38 | 28 | 11 | 5 | 12 | 49 | 45 |
| RACING FERROL | 32 | 28 | 9 | 5 | 14 | 35 | 63 |
| VICTORIA C.F. | 30 | 28 | 9 | 3 | 16 | 42 | 57 |
| BERGANTIÑOS C.F. | 28 | 28 | 6 | 10 | 12 | 35 | 63 |
| OURENSE C.F. | 27 | 27 | 7 | 6 | 14 | 34 | 56 |
| SANTA MARIÑA | 20 | 28 | 5 | 5 | 18 | 22 | 66 |
| C.D. AREOSA | 18 | 28 | 4 | 6 | 18 | 29 | 69 |
| MONTAÑEROS C.F. | 14 | 28 | 3 | 5 | 20 | 21 | 70 |

### PRÓXIMA XORNADA

Val Miñor – Coruxo
Bergantiños – R. Ferrol
Ural – CD Lugo
CD Areosa – Victoria
Pabellón – Ourense CF
Pontevedra – Deportivo
Conxo – RC Celta
San Tirso – Calasanz
Sta. Mariña – Montañeros

## CADETE GALEGA NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Bertamiráns – Ural B | 3-1 |
| Dumbria – Deportivo B | 1-2 |
| San Tirso B – Victoria B | 2-2 |
| G. Caranza – Estrada | 5-0 |
| RC Villalbés – Bergantiños B | 1-2 |
| Orillamar – Viveiro CF | 1-1 |
| X. Oroso – CD Lugo B | 3-1 |
| R. Ferrol B – Milagrosa | 1-1 |
| Calasanz B – EF Lalín | 3-0 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| BERTAMIRANS C.F. | 75 | 28 | 24 | 3 | 1 | 70 | 18 |
| X. OROSO | 70 | 28 | 22 | 4 | 2 | 96 | 33 |
| DEPORTIVO "B" | 56 | 28 | 17 | 5 | 6 | 67 | 29 |
| **RACING VILLALBES** | **51** | **28** | **15** | **6** | **7** | **50** | **31** |
| GALICIA CARANZA | 51 | 28 | 16 | 3 | 9 | 66 | 36 |
| C.D. CALASANZ "B" | 45 | 28 | 13 | 6 | 9 | 44 | 34 |
| C.F. DUMBRIA | 43 | 28 | 13 | 4 | 11 | 41 | 49 |
| BERGANTIÑOS "B" | 39 | 28 | 11 | 6 | 11 | 37 | 36 |
| ESTRADA | 37 | 28 | 10 | 7 | 11 | 33 | 50 |
| **VIVEIRO C.F. "A"** | **35** | **28** | **9** | **8** | **11** | **37** | **42** |
| SAN TIRSO S.D. "B" | 35 | 28 | 9 | 8 | 11 | 38 | 42 |
| RACING FERROL "B" | 33 | 28 | 8 | 9 | 11 | 30 | 46 |
| URAL C.F. "B" | 32 | 28 | 9 | 5 | 14 | 34 | 44 |
| **C.D. LUGO "B"** | **28** | **28** | **8** | **4** | **16** | **38** | **54** |
| **S.C.D. MILAGROSA** | **23** | **28** | **6** | **5** | **17** | **29** | **64** |
| E.F. LALIN | 22 | 28 | 5 | 7 | 16 | 27 | 57 |
| VICTORIA C.F. "B" | 19 | 28 | 5 | 4 | 19 | 28 | 50 |
| ORILLAMAR S.D. | 14 | 28 | 4 | 2 | 22 | 21 | 71 |

### PRÓXIMA XORNADA

EF Lalín – Bertamirans
Bergantiños B – Orillamar
Ural B – Dumbria
Viveiro CF – X. Oroso
Deportivo B – San Tirso B
CD Lugo B – R. Ferrol B
Victoria B - G. Caranza
Milagrosa – Calasanz B
Estrada – RC Villalbés

## INFANTIL GALEGA TÍTULO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Deportivo – Val Miñor | 2-1 |
| R. Ferrol – CD Lugo | 2-2 |
| Bertamiráns – Pabellón | 2-1 |
| Ourense CF – Sta. Mariña | 1-2 |
| Portero 2000 – Choco | 0-6 |
| Ural – Victoria | 6-2 |
| Arosa SC – X. Oroso | 0-0 |
| Montañeros – RC Celta | 0-8 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C. DEPORTIVO | 33 | 11 | 11 | 0 | 0 | 55 | 10 |
| R.C.CELTA S.A.D. | 28 | 11 | 9 | 1 | 1 | 56 | 17 |
| BERTAMIRANS F.C. | 24 | 11 | 7 | 3 | 1 | 34 | 18 |
| PABELLON C.F. | 23 | 11 | 7 | 2 | 2 | 28 | 17 |
| **C.D. LUGO** | **17** | **11** | **4** | **5** | **2** | **23** | **23** |
| E.D. VAL MIÑOR | 17 | 11 | 5 | 2 | 4 | 27 | 28 |
| OURENSE C.F. | 16 | 11 | 4 | 4 | 3 | 28 | 23 |
| C.D. CHOCO | 13 | 11 | 3 | 4 | 4 | 17 | 18 |
| X. OROSO | 13 | 11 | 3 | 4 | 4 | 21 | 24 |
| URAL C.F. | 12 | 11 | 3 | 3 | 5 | 24 | 28 |
| SANTA MARIÑA | 12 | 11 | 3 | 3 | 5 | 14 | 23 |
| PORTERO 2000 | 10 | 11 | 2 | 4 | 5 | 18 | 38 |
| VICTORIA C.F. | 9 | 11 | 3 | 0 | 8 | 28 | 47 |
| MONTAÑEROS C.F. | 7 | 11 | 2 | 1 | 8 | 12 | 30 |
| RACING FERROL | 6 | 11 | 1 | 3 | 7 | 27 | 43 |
| AROSA S.C. | 4 | 11 | 1 | 1 | 9 | 13 | 38 |

### PRÓXIMA XORNADA

Val Miñor – Montañeros
Sta. Mariña – Bertamirans
CD Lugo – Deportivo
Victoria – Portero 2000
Pabellón – R. Ferrol
X. Oroso – Ural
Choco – Ourense CF
RC Celta – Arosa SC

## INF. GAL. DESCENSO NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Imperator – Residencia | 3-1 |
| EF Lalin – G. Caranza | 3-0 |
| Bergantiños – Conxo | 1-1 |
| At. Rivera – Calasanz | 4-3 |
| Milagrosa – San Tirso | 0-4 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| E.F. LALIN | 35 | 11 | 8 | 1 | 2 | 27 | 11 |
| SAN TIRSO S.D. | 34 | 11 | 6 | 3 | 2 | 28 | 17 |
| GALICIA CARANZA | 32 | 11 | 7 | 2 | 2 | 20 | 12 |
| C.D. CONXO | 32 | 11 | 6 | 3 | 2 | 32 | 14 |
| BERGANTIÑOS C.F. | 26 | 11 | 5 | 2 | 4 | 29 | 18 |
| C.D. CALASANZ | 24 | 11 | 4 | 2 | 5 | 27 | 24 |
| IMPERATOR O.A.R. | 23 | 11 | 5 | 2 | 4 | 34 | 16 |
| AT. DE RIVEIRA | 19 | 11 | 4 | 0 | 7 | 25 | 32 |
| **RESIDENCIA** | **8** | **11** | **1** | **1** | **9** | **8** | **45** |
| **MILAGROSA** | **3** | **11** | **1** | **0** | **10** | **9** | **50** |

### PRÓXIMA XORNADA

G. Caranza – Residencia
San Tirso – At. Rivera
Conxo – EF Lalin
Milagrosa – Imperator
Calasanz – Bergantiños

## INF. GAL. DESCENSO SUR

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| R. Bouzas – Salgueiriños | 1-2 |
| Pabellón Prom. – Porriño | 0-2 |
| Alondras – CD Areosa | 2-1 |
| Coruxo – ED Arousa | 3-4 |
| ED Ourense – Calasancio | 3-0 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| E.D. OURENSE | 38 | 11 | 8 | 0 | 3 | 21 | 15 |
| E.D. AROUSA S.D. | 33 | 11 | 8 | 0 | 3 | 23 | 15 |
| PORRIÑO C.F. | 31 | 11 | 7 | 2 | 2 | 24 | 11 |
| SALGUEIRIÑOS | 31 | 11 | 6 | 2 | 3 | 12 | 11 |
| ALONDRAS C.F. | 28 | 11 | 4 | 3 | 4 | 19 | 18 |
| C.D. AREOSA | 28 | 11 | 5 | 2 | 4 | 24 | 16 |
| **C.P. CALASANCIO** | **17** | **11** | **3** | **3** | **5** | **12** | **18** |
| CORUXO F.C. | 14 | 11 | 3 | 2 | 6 | 15 | 23 |
| RAPIDO BOUZAS | 12 | 11 | 1 | 3 | 7 | 15 | 21 |
| PABELLON PROM. | 7 | 11 | 0 | 3 | 8 | 9 | 26 |

### PRÓXIMA XORNADA

Porriño – Salgueiriños
Calasancio – Coruxo
CD Areosa – Pabellón P.
ED Ourense – R. Bouzas
ED Arousa – Alondras






# Derrota no penúltimo trámite para o Lugo esta tempada

**SUPERIORIDADE DO COLINDRES** que, pese a estar xa descendido, xogou o encontro con máis intensidade que o cadro lucense



Pera nunha internada pola banda no partido de ida na Cheda

**COLINDRES** 2 – 1 **CD LUGO**

**Goles:** Jaime e Castaño. | **Gol:** Dani Real.




**Arbitro:** Ismel González Espadas **Campo:** Football field Colindres, Cantabria

Penúltimo trámite para o Lugo na División de Honra xuvenil, competición que botará a peche ata a seguinte tempada na próxima xornada, na que os de Álex Antón reciben ao Val Miñor, un equipo que chegará a Lugo sen nada en xogo a nivel clasificatorio tras asinar a permanencia o sábado logo de impoñerse ao Alondras por tres goles a cero en Nigrán.

O último encontro a domicilio da presente tempada levou ao Lugo de novo a terras cántabras para medirse cun Colindres xa descendido e que deixou unha das imaxes máis pobres que se recordan na División de Honra xuvenil a pasada xornada, ao ter que suspenderse o encontro que disputaba en Nigrán ante o Val Miñor nos primeiros minutos da segunda parte ao quedarse con tan só seis xogadores no terreo de xogo.

> “En líneas generales fue un mal partido desde el inicio hasta el final del encuentro” MIGUEL MATEOS CD Lugo

Os cántabros quixeron borrar esa mala sensación cun bo partido, o último en casa na máxima categoría, e malia non facer un bo encontro foron mellores que o Lugo.

Na primeira parte o Colindres púxolle máis intensidade ao xogo e dispuxo dunha primeira ocasión para inaugurar o marcador, na que Brais Rodríguez luciuse para manter o cero a cero inicial. Aos poucos o Lugo foise asomando en ataque, especialmente tras roubos de balón e contras.

Schuster serviu un bo balón a Lis, que se plantou só nun man a man co porteiro local no que lle gañou a partido o gardameta do Colindres, mentres que Dani Real tamén estivo preto do cero a un tras unha boa xogada con Dani Arias.

Ao descanso chegouse co cero a cero inicial, e na segunda parte aos dous equipos custoulles un mundo ter continuidade e ritmo. O que marcase primeiro tería moito ganado e ese foi o Colindres, ao inaugurar o marcador ao culminar un contragolpe tras unha perda de balón lucense no medio campo.

A mellor noticia para o Lugo chegou unha vez máis en forma de debutantes. Neste partido fixérono Ander e o cadete Samu, que disputaron os seus primeiros minutos na máxima categoría do fútbol base nacional.

Na recta final do encontro o Colindres puxo terra polo medio no marcador co dous a cero, tras un saque de esquina, polo que o gol de Dani Real, cun disparo desde fóra da área, tan só serviu para maquillar un pouco o resultado final.

**1**

**PARTIDO PARA O FINAL** da competición na División de Honra xuvenil. O Lugo despedirá o curso ante o Val Miñor na casa

**2**

**DEBUTS** Ander, un dos xogadores máis regulares esta tempada no xuvenil B da Liga Nacional e o cadete Samu disputaron os seus primeiros minutos na División de Honra xuvenil

### TROFEO JORGE TATO
XUVENIL SUPERIORES

| Xogador | Equipo | G. |
|---|---|---|
| VELOSO | Residencia | 12 |
| ÁLEX RAMOS | CD Lugo | 10 |
| CHRISTIAN | CD Lugo | 10 |
| DAVID LÓPEZ | RC Villalbés | 10 |
| JAIRO | Viveiro CF | 10 |
| FAGÍN | Calasancio | 8 |
| MOREDA | RC Villalbés | 8 |
| YAGO | CD Lugo B | 7 |
| CONDE | Residencia | 7 |
| NICO | Calasancio | 6 |
| FONSECA | Residencia | 6 |
| BATALLÓN | Residencia | 6 |
| GABARRE | CD Lugo | 5 |
| XABI D. | CD Lugo | 5 |
| DANI A. | CD Lugo B | 5 |
| ÓSCAR | RC Villalbés | 5 |
| REIGOSA | Residencia | 5 |
| CARLOS | Viveiro CF | 5 |
| JUAN | Viveiro CF | 5 |
| PABLO C. | Viveiro CF | 5 |
| JORDI | Calasancio | 4 |
| VIDAL | CD Lugo | 4 |
| XABI B. | CD Lugo B | 4 |
| LIS | CD Lugo B | 4 |
| JORGE | Viveiro CF | 4 |
| BORJA | Viveiro CF | 4 |
| SERGI | Calasancio | 3 |
| PABLO | Calasancio | 3 |
| SCHUSTER | CD Lugo | 3 |

### Regularidade
XUVENIL SUPERIORES

| Xogador | Equipo | P. |
|---|---|---|
| ANXO | RC Villalbés | 36 |
| JUAN | Viveiro CF | 32 |
| XABI B. | CD Lugo B | 21 |
| PORTO | CD Lugo B | 20 |
| RARES | RC Villalbés | 20 |
| CONDE | Residencia | 20 |
| SERGI | Calasancio | 19 |
| XOEL EIJO | Viveiro CF | 19 |
| JAIRO | Viveiro CF | 18 |
| GARCÍA | Residencia | 17 |
| ÁNGEL | Residencia | 17 |
| ÁLEX | Calasancio | 16 |
| ÓSCAR | RC Villalbés | 16 |
| MACLY | Viveiro CF | 16 |
| YAGO | Viveiro CF | 16 |
| FAGÍN | Calasancio | 15 |
| PABLO D. | Residencia | 15 |
| IVÁN | Viveiro CF | 15 |
| ANDRÉS | Calasancio | 14 |
| IAGO | Calasancio | 13 |
| RUBÉN | CD Lugo B | 12 |
| NOEL | RC Villalbés | 12 |
| REIGOSA | Residencia | 12 |
| MOREDA | RC Villalbés | 11 |
| ANDER | Residencia | 11 |
| ABEL | Calasancio | 10 |
| JUAN | Calasancio | 10 |
| NICO | Calasancio | 10 |
| REY | CD Lugo B | 10 |
| SAMUEL | RC Villalbés | 10 |

### Pichichi
CADETE SUPERIORES

| Xogador | Equipo | G. |
|---|---|---|
| BRIAN | CD Lugo | 17 |
| GABRIEL | RC Villalbés | 16 |
| LUIS | Viveiro CF | 14 |
| PÉREZ | CD Lugo | 9 |
| SAMU | CD Lugo | 9 |
| BORJA | CD Lugo B | 7 |
| IAGO GESTO | RC Villalbés | 7 |
| CASTRÍN | CD Lugo | 6 |
| MICHI | CD Lugo B | 6 |
| YAGO | SCD Milagrosa | 6 |
| DENÍS | SCD Milagrosa | 6 |
| DIEGO C. | SCD Milagrosa | 6 |
| TRASI | Viveiro CF | 6 |
| MANU | CD Lugo | 5 |
| LEO | CD Lugo B | 5 |
| GABI | RC Villalbés | 5 |
| RAÚL L. | RC Villalbés | 5 |
| ASIER | CD Lugo | 4 |
| BORJA | CD Lugo | 4 |
| CADRA | RC Villalbés | 4 |
| JAVI | CD Lugo | 3 |
| ROSÓN | CD Lugo | 3 |
| NODAR | CD Lugo B | 3 |
| FREIRE | CD Lugo B | 3 |
| GABRI | CD Lugo B | 3 |
| RAFA | SCD Milagrosa | 3 |
| LOUREIRO | Viveiro CF | 3 |
| PABLO | Viveiro CF | 3 |
| MICHI | CD Lugo | 2 |
| LUIS | CD Lugo B | 2 |

### Regularidade
CADETE SUPERIORES

| Xogador | Equipo | P. |
|---|---|---|
| LUIS | Viveiro CF | 38 |
| MIGUEL | SCD Milagrosa | 35 |
| TRASI | Viveiro CF | 30 |
| DANI | RC Villalbés | 25 |
| CADRA | RC Villalbés | 24 |
| YAGO | SCD Milagrosa | 24 |
| PAJÓN | SCD Milagrosa | 23 |
| GABRIEL | RC Villalbés | 18 |
| CABADO | RC Villalbés | 18 |
| BOIXET | Viveiro CF | 18 |
| ALEJANDRO | Viveiro CF | 17 |
| GABI | RC Villalbés | 14 |
| RAÚL C. | RC Villalbés | 12 |
| BRAIS | SCD Milagrosa | 12 |
| PABLO | Viveiro CF | 12 |
| NOEL T. | RC Villalbés | 11 |
| RAFA | SCD Milagrosa | 11 |
| RAÚL | SCD Milagrosa | 11 |
| NOVO | Viveiro CF | 11 |
| MANEL | CD Lugo B | 10 |
| DENIS | SCD Milagrosa | 10 |
| XOEL IRIMIA | CD Lugo B | 9 |
| CABARCOS | SCD Milagrosa | 9 |
| ÁLEX | Viveiro CF | 9 |
| MARTÍN | RC Villalbés | 7 |
| I. GESTO | RC Villalbés | 7 |
| PEDRO | RC Villalbés | 7 |
| JUAN | SCD Milagrosa | 7 |
| LUCAS | Viveiro CF | 7 |
| BORJA | CD Lugo B | 6 |

### Pichichi
INFANTIL SUPERIORES

| Xogador | Equipo | G. |
|---|---|---|
| AYMAN | CD Lugo | 18 |
| PÉREZ | CD Lugo | 12 |
| NACHO | Calasancio | 9 |
| MOHA | CD Lugo | 9 |
| DÍAZ | Calasancio | 7 |
| DANI | CD Lugo | 6 |
| ALONSO | Residencia | 6 |
| CEREIJO | Calasancio | 4 |
| MARCO | CD Lugo | 4 |
| ANTÓN | CD Lugo | 4 |
| LEO | Milagrosa | 4 |
| MANU | Residencia | 4 |
| BUIDE | CD Lugo | 3 |
| BRUNO | Milagrosa | 3 |
| YOUNESS | Calasancio | 2 |
| DANI G. | CD Lugo | 2 |
| DAVID | Milagrosa | 2 |
| ERIC | Residencia | 2 |
| JAVI | Calasancio | 1 |
| MARIÑO | Calasancio | 1 |
| LAMUS | Calasancio | 1 |
| JUAN | Calasancio | 1 |
| DALAMA | Calasancio | 1 |
| CARMEN | Calasancio | 1 |
| IKER | CD Lugo | 1 |
| ROSÓN | CD Lugo | 1 |
| AHÍTO | Milagrosa | 1 |
| HUGO | Milagrosa | 1 |
| RAÚL | Milagrosa | 1 |
| MAURO | Milagrosa | 1 |

### Regularidade
INFANTIL SUPERIORES

| Xogador | Equipo | P. |
|---|---|---|
| CEREIJO | Calasancio | 38 |
| LEO | Milagrosa | 28 |
| MARCOS | Milagrosa | 23 |
| B. VASCO | Milagrosa | 20 |
| BUIDE | CD Lugo | 18 |
| GONZALO | Milagrosa | 18 |
| MOHA | CD Lugo | 17 |
| ALVITE | Residencia | 17 |
| MAEL | Residencia | 17 |
| HUGO | Milagrosa | 16 |
| TONI | Calasancio | 15 |
| NACHO | Calasancio | 15 |
| DÍAZ | Calasancio | 14 |
| MARCO | CD Lugo | 14 |
| HUGO P. | Residencia | 14 |
| MANU F. | CD Lugo | 13 |
| ROSÓN | CD Lugo | 13 |
| DANI | CD Lugo | 13 |
| BRAIS | Milagrosa | 13 |
| AMIN | CD Lugo | 12 |
| MANU FDEZ. | Residencia | 12 |
| LAMÚS | Calasancio | 11 |
| CARMEN | Calasancio | 11 |
| NICO S. | Residencia | 11 |
| IAGO | Calasancio | 10 |
| DIEGO | CD Lugo | 10 |
| ANTÓN | CD Lugo | 10 |
| CRIS | Milagrosa | 10 |
| DAVID | Residencia | 9 |

# Vendaval de fútbol albivermello na Cheda

**O LUGO B VARREU AO PABELLÓN** volvendo á senda da vitoria para ampliar distancias cos postos de descenso



Vila impoñéndose nun balón dividido a un dianteiro visitante



Yago presionando a saída de balón do Pabellón Ourense

**CD LUGO B 5 – 1 PABELLÓN OURENSE**

**Goles:** Martín (2), Porto, Yago e Xabi Domínguez | **Gol:** Raúl




**Arbitro:** Javier Pérez Prado, Francisco Ibáñez e Miguel Pin **Campo:** Municipal A Cheda



Porto dando un pase en mediocampo ante un rival

Partido complicado para o Lugo B, que liquidou con moita autoridade na Cheda ante o Pabellón Ourense. Mourelos tivo que facer unha vez máis encaixe de bolillos para confeccionar o once polas baixas tralo encontro en Santiago a semana pasada. Algo que serviu tamén para terminar de descubrir a Martín como un interior moi fiable.

**OS MELLORES**

**CD LUGO B**
- PORTO
- MARTÍN
- YAGO

Cos de abaixo sumando e a derrota ante o Conxo Santiago presente, o Lugo B tiña unha proba de lume e saíu dela moi reforzado.

Eran consciente de que o Pabellón sería complicado, xa que é un equipo que se reprega ben e deixa poucos espazos. Con todo o Lugo B atopou vías para dominar o partido e xerar ocasións desde os primeiros minutos, nos que apenas houbo interrupcións nin erros nos pases.

## "Aptitudes temos. A continuidade será garantía do éxito" MOURELOS Lugo B

Aos once de xogo Martín inaugurou o marcador tras un centro de Xabi Domínguez e aos vinte de xogo o propio Xabi Domínguez forzou un penalti que transformou Yago, mentres que a sentenza chegou antes do descanso cunha nova chegada desde segunda liña de Martín, asinando o seu segundo gol para facer o tres a cero.

Na segunda parte o ritmo foi máis lento, pero aínda así Porto fixo o cuarto e Xabi Domínguez o quinto tras forzar un novo penalti que él mesmo transformou antes de que chegase o definitivo cinco a un.



Rey presionando a un xogador do Pabellón na Cheda

# O Arosa revive a costa do Rácing

**A MAIOR NECESIDADE DE PUNTOS FÍXOSE VALER EN VILAGARCÍA DE AROUSA,** onde o Villalbés se viu superado en intensidade, sobre todo na primeira parte do encontro



Abel medíndose cun defensa rival nun partido no Roca

**AROSA 2 – 1 RC VILLALBÉS**

**Goles:** Bruno e Raúl | **Gol:** Moreda




**Arbitro:** Alejandro Muñiz, David Barrio e Jesús Juanatey **Campo:** Mari Paz Vilas, Bamio

O Arosa recuperou o pulso e o soño por lograr a permanencia tras sumar os tres puntos ante un Rácing Villalbés ao que se lle pegaron as sabas, sobre todo na primeira parte, na que os chairegos, dirixidos neste encontro por Nanito, perderon os seus signos de identidade.

O Villalbés careceu de intensidade e viuse superado por un Arosa moito máis enchufado desde os primeiros minutos e que ao cuarto de hora inaugurou o marcador nunha acción na que un xogador local foise de todos os defensas que saíron ao seu paso ata conectar un preciso disparo desde fóra da área.

## "Debeunos afectar o cambio de hora porque empezamos a competir tarde" NANITO Rácing Club Villalbés

**OS MELLORES**

**RC VILLALBÉS**
- CASTRÍN
- ANXO
- RARES

O gol fixo esperar un pouco ao Villalbés, que tivo algunha chegada por banda por medio de Rares e Herrero, pero sen chegar a finalizar ante un Arosa que se impuxo en todos os balóns divididos e nas segundas accións ao longo da primeira parte.

Tralo descanso Nanito variou o debuxo táctico, pasando ao rombo no medio campo con Anxo no vértice de ataque. O Rácing tivo máis presenza en campo rival e froito diso Moreda empatou ao anticiparse cun remate de nove puro.

Cun cuarto de hora por diante o dous equipos buscaron a vitoria e o premio foi para o máis necesitado de puntos, o Arosa, que cun gol no tempo de desconto recuperou as constantes vitais na competición.

# Tres puntazos na Cheda

**A RESIDENCIA** volveu á senda da vitoria nun partido trascendental e volve a contar con seis puntos de marxe sobre o As Pontes, que empatou

SDC RESIDENCIA 4 – 0 ARTEIXO

Goles: Reigosa, Conde (2) e Teijeiro.




Arbitro: David Pereira, Brais García e Yecis Omal **Campo:** Municipal A Cheda

**6 XORNADAS** sen gañar levaban os branquiazuis, polo que os tres puntos ante o Arteixo, cos dous pés en Liga Autonómica, antoxábanse imprescindibles



Javi Reigosa na acción coa que asinou o un a cero na Cheda

> "Nos quedamos con los primeros cuarenta y cinco minutos que disputó el equipo y con los tres puntos, que eran realmente necesarios"
>
> DANI GALÁN SDC Residencia



Conde, autor de dous goles, tras regatear a un xogador do Arteixo

A Residencia tiña unha final e os de Dani Galán gañárona con suficiencia na Cheda. O Arteixo, cos dous pés practicamente en Liga Autonómica, era o rival idóneo para volver á senda da vitoria tras seis xornadas sen sumar de tres en tres.

A Residencia non especulou e cunha brillante primeira parte puxo terra polo medio no marcador co tres a cero co que se chegou ao descanso, mentres que os segundos corenta e cinco minutos practicamente sobraron na súa totalidade salvo o gol de Teijeiro na recta final.

**OS MELLORES**

| RESIDENCIA |
|---|
| CONDE |
| ANGEL |
| IVÁN |

Ata entón o partido empezou con moitísimo ritmo, coa Residencia preparando a trampa na que caeu o Arteixo, xa que Dani Galán suscitou o encontro repregado para roubar e saír cos descolgados Fonseca e Conde á contra.

O plan trazouse e executouse á perfección, xa que os tres goles da Residencia na primeira parte chegaron con balóns ás costas da defensa visitante.

O primeiro ao plantarse Reigosa ante o porteiro do Arteixo nun man a man aos vinte minutos co que o medio centro inaugurou o marcador, e sen tempo para a reacción Conde ampliou a vantaxe nunha acción similar.

Antes do descanso un saque longo de Fer, terminou con Conde ante o porteiro rival e co tres a cero no marcador co que quedou visto para sentenza o encontro de cara a unha segunda parte na que o único e máis destacado foi o catro a cero que asinou Teijeiro.

EF LALÍN 2 – 2 VIVEIRO CF




Goles: Eloy y Daniel polo Lalín; Xoel e Pablo Chao polo Viveiro.

Arbitro: Diego Otero Varela

# Ata o rabo, todo é Viveiro

**EMPATE ANTE O LÍDER** con dous goles no tempo de desconto



Xoel, o mellor xogador do partido e autor do definitivo empate a dous

> "Estoy super orgulloso del equipo al que tengo la fortuna de entrenar"
>
> ANTONIO SERRANO Viveiro CF

Puntazo do Viveiro no Manuel Anxo Cortizo. Os de Antonio Serrano salvaron un punto ante o líder da Liga Galega xuvenil tras empatar con dous goles no tempo de desconto, nunha nova exhibición dos celestes nesta tempada na que non dan nada por perdido.

Sen obxectivos ao alcance en canto a clasificación, o Viveiro segue ofrecendo unha actitude exemplar co paso das xornadas. Borrarse ante o líder no seu campo con dous a cero, cun xogador menos e na segunda parte era unha opción, pero os de Antonio Serrano elixiron o camiño máis complicado pero á vez máis gratificante.

**OS MELLORES**

| VIVEIRO CF |
|---|
| XOEL |
| JUAN |
| PABBLO |

Na primeira parte apenas houbo ocasións, pero o Lalín tirou de pegada para adiantarse nun acción illada no ecuador do primeiro tempo. O Viveiro, con defensa de tres centrais, estivo seguro atrás pero sen chegadas claras á área rival.

Xa na segunda parte, con Jairo e Macly no campo, o Viveiro tivo máis profundidade e presenza en ataque, pero cando mellor estaban os celestes o árbitro expulsou a Jairo de forma rigorosa. Pese a iso, o Viveiro subiuse ás barbas do líder, encerrouno no seu campo e tivo claras ocasións pero sen finalizar, e a estocada do Lalín co dous a cero parecía sentenciar aos mariñaos.

Lonxe da realidade, xa que o Viveiro continuou tirando de orgullo e con dous minutos sobre o noventa Pablo Chao transformou un penalti, mentres que no sexto minuto de desconto, Xoel, tras unha falta indirecta dentro da área, levou o delirio aos mariñaos co dous a dous final.

# Carlos Fontal cumpre a máxima do novo adestrador

**CAMBIO NO BANCO** Rubén Núñez deixou a dirección do equipo a semana pasada

CALASANCIO 1 – 0 COMESAÑA




Goles: Andrés Fagín polo Calasancio.

> "Gran esfuerzo del equipo, muy buena semana de entrenamiento que se traduce en 3 puntos muy importantes. Agradecer el trabajo y la profesionalidad de Rubén Núñez"
>
> CARLOS FONTAL CP Calasancio

A máxima de que a adestrador novo vitoria segura cumpriuse para o Calasancio. Carlos Fontal tomou as rendas do equipo de cara ás últimas sete xornadas nas que os monfortinos xóganse a permanencia, e fíxoo sumando tres puntos que valen o seu peso en ouro.

Á marxe do que supón un cambio de adestrador o que o Calasancio máis necesita é recuperar efectivos, e aos poucos vaino conseguindo. Ademais, da man de Fontal debutó o cadete Nico Ferreiro.

A igualdade e o medo a perder por parte de ambos equipos marcou o encontro, sobre todo na primeira parte na que os dous equipos centraron a súa atención en non encaixar máis que en buscar o gol, de aí ao cero a cero co que se chegou ao descanso. Na segunda parte o Calasancio deu un paso á fronte, foi máis ambicioso e tivo a súa recompensa cunha volea de Andrés Fagín na ocasión máis clara do encontro. Acto seguido Andrés tivo o dous a cero nun disparo no que se luciu o porteiro visitante, e no tramo final o Calasancio mantivo a renda para sumar tres puntos moi importantes.


Asier cortando unha internada dun xogador ourensán

# O Lugo xa ten a tiro de pedra o podio

**A SÉTIMA VITORIA CONSECUTIVA** e a derrota do Ural deixan o terceiro posto da División de Honra a tres puntos




**Arbitro:** Pedro Castro, Johan Sebastian e Iago Caeiro **Campo:** A Fonte, Cospeito, Lugo

> "Noraboa a todos os rapaces. O terceiro posto xa o temos ao alcance da vista" MARTÍN MURADO CD Lugp

O Lugo estase quedando só no capítulo de mellor equipo dunha categoría superior do fútbol base lucense. Os de Martín Murado a base de insistencia e compromiso están conseguindo manter vivo o soño do podio da División de Honra cadete cando parecía algo inalcanzable.

Sete vitorias consecutivas na máxima categoría só están ao alcance dos máis grandes, e este Lugo está demostrando que é un deles. Ademais da entidade dos rivais os lucenses están facendo fronte ás ausencias e aos desdobles de partidos de xogadores importantes cada fin de semana, pero o obxectivo está marcado desde fai tempo e o equipo decidiu ir a por el fose cal fose o contratempo.

Ante o Pabellón o Lugo viuse sorprendido coa posta en escena rival que meteu aos de Murado no seu campo, pero estes teñen recursos para saír de situacións complicadas. Cando máis apertaba o Pabellón, o Lugo montou un contra na que Manu serviu un bo centro que rematou ao fondo das mallas Borja, subindo o un a cero ao marcador cando tan só se disputaran oito minutos.

A partir de aí o Pabellón xa non foi tan feroz. O Lugo tomou o control e tivo varias chegadas con perigo por banda para poder ampliar a conta, mentres que en defensa o debutante Rusu, que leva todo o ano adestrando co equipo, disputou o seu primeiro encontro deixando a portería a cero.

Na segunda parte o Pabellón mereceu máis foi mellor, pero en fronte tivo un Lugo que soubo apertar os dentes e sufrir para conseguir os tres puntos con esa pizca de sorte coa que ás veces gañan os grandes, e o Lugo a estas alturas de tempada xa é un deles.

**10**
**PUNTOS** de marxe tiña o Ural fai sete xornadas. O Lugo fixo pleno e os herculinos tan só cederon sete, pero están a tiro de pedra

**7**
**VITORIAS CONSECUTIVAS** dende o 2 de febreiro o Lugo tan solo coñece a vitoria na máxima categoría do fútbol base cadete

**1**
**DEBUT** Rusu, xogador moldavo, disputou os seus primeiros minutos en partido oficial tras levar todo o ano adestrando cos albivermellos


Iago Fernández impoñéndose nun duelo directo a un rival


Siro conducindo o balón ante o autor do único gol, Borja

# Esta vez a moeda caeu cruz no Roca

**O RÁCING VILLALBÉS** caeu no Roca vítima dos seu erros nun partido no que tras empatar calquer equipo pudio levarr os tres puntos


Gabi a piques de sacar un centro dende a banda dereita




**Arbitro:** Alejandro Vázquez, David Rodríguez e Yecis Omal **Campo:** Estadio Roca de Vilalba

> "Controlamos o xogo e o partido, pero erros individuais permitíronlle o rival adiantarse, e a remontada foi moi difícil por mor do estado el terreo de xogo" SIMÓN LAMAS RC Villabés

O Rácing Villalbés, pese a contar con ausencias importantes sobre todo no medio campo, foi fiel ao seu estilo e mereceu máis, pero cedeu os tres puntos no Roca por cuarta vez esta tempada ao perder co Bergantiños, que saíu con vida da primeira parte e aproveitou as concesións na segunda.

Nos primeiros corenta minutos o Villalbés estivo ben, sólido atrás, ben nas vixilancias e con claridade de ideas para xerar ocasións, entre as máis claras dous man a man de Gabi e un par de remates de Iago Gesto tras centros laterais. Con todo, á primeira parte do Rácing faltoulle a guinda do gol.

No primeiro minuto da segunda metade o Bergantiños adiantouse no marcador tras un erro individual da zaga chairega. Os de Simón Lamas remaron contracorrente, pero alcanzaron a beira moi pronto ao devolver as táboas ao marcador cun golazo de Cabado, que ademais foi o primeiro da tempada para o lateral tras un acción individual na que logo de regatear a dous rivais colocou o balón na escuadra cun disparo desde fóra da área.

Á hora de xogo o Bergantiños volveu aproveitar unha concesión defensiva tras un mal despexe e a partir de aí aguantaron en pé o asedio do Villalbés en busca dun empate que se resistiu.

**OS MELLORES**

| VILLALBÉS | |
|---|---|
| CANDAL | ★★★ |
| DIEGO | ★★ |
| I. GESTO | ★ |

# Novo punto de partida

## A MILAGROSA RABUÑOU UN MERECIDO EMPATE ante o Rácing de Ferrol B cun gol de falta directa de Mario na útima acción do partido

| R. FERROL B | | | MILAGROSA |
|---|---|---|---|
| Gol: Daniel | 1 | 1 | Gol: Mario |




**Arbitro:** Tomás Lorenzo, Iago Bertalo, Adrián López **Campo:** A Gándara, Ferrol

**23 PUNTOS** os de Madriles contan cun máis que o Lalín, 22, e con cinco menos que o Lugo B, 28, cando aínda restan por disputar seis encontros de Liga


O albivermello Mario, autor do gol do empate da Milagrosa

### "Al final del encuentro tuvimos el premio que buscamos y merecimos por nuestra insistencia" MADRILES Milagrosa

A Milagrosa volveu á senda dos puntos e fíxoo a domicilio. O empate en Ferrol ten máis valor do que poida parecer un simple punto, xa que con el os de Madriles recuperaron sensacións trala última derrota avultada, ademais de chegar no último minuto cun lanzamento de falta directa de Mario tras buscalo e merecelo e co engadido de que o Lalín perdeu na Coruña ante o Calasanz B.

De inicio o Rácing de Ferrol fíxose co balón e meteu no seu campo á Milagrosa, que deu un paso á fronte ao cuarto de hora ao cambiar a un 4-1-4-1 co que se sentiron máis cómodos e dificultaron a circulación de balón local. Con todo, antes do descanso, cando menos complicacións tiñan os lucenses, chegou o un a cero tras un centro lateral na última xogada da primeira parte.

| OS MELLORES | |
|---|---|
| MILAGROSA | |
| CABARCOS | 3 |
| BRAIS | 2 |
| MARIO | 1 |

Co marcador a favor o Rácing de Ferrol B cedeu a iniciativa á Milagrosa, esperando o seu momento para sentenciar á contra, pero as ocasións foron para os lucenses.

Cabarcos acariñou o empate nun par de ocasións e Cristian estivo a piques de aproveitar unha mala saída do porteiro local antes de que Mario lle sacase brillo á súa bota esquerda. Unha falta ao bordo da área, xa co tempo cumprido, foi a antesala do golpeo co que Mario colocou o balón na escuadra da portería ferrolá, dándolle un merecido punto á Milagrosa co que desempata co Lalín na loita pola permanencia.

**Próxima xornada**

A Milagrosa recibe ao Calasanz B en Frigsa, mentres que o Lalín ten un compromiso en grao sumo esixente ante o Bertamiráns no Manuel Anxo Cortizo, polo que se presenta unha próxima xornada máis que interesante.

# Derrota, pero con boas sensacións, do Lugo en Oroso

## O XUVENTUDE pode ascender na próxima xornada cando aínda faltan seis xornadas

| X. OROSO | | | CD LUGO B |
|---|---|---|---|
| | 3 | 1 | |




**Goles:** Álvaro, Óscar e Jairo polo Oroso; Michi polo Lugo B.

**Arbitro:** Iván Carrillo, Iria García e Pablo Blanco.

### "Este é o camiño a seguir. Bo traballo de todo o equipo" SEOANE CD Lugo B

O Lugo B visitou unha das prazas máis complicadas da Liga Galega cadete ao medirse en Oroso co Xuventude, un equipo que ten os dous pés na División de Honra cadete, que viña de gañar en Frigsa por dous goles a sete e que non coñece a derrota esta tempada en casa. Pese a todo isto os de Jose Seoane saíron do encontro coa cabeza alta e con boas sensacións de cara ás seis últimas xornadas da Liga Galega cadete nas que deber certificar a permanencia na categoría.

O panorama non pintaba ben antes de empezar a rodar o balón, e peor era cando comezou o encontro, xa que o Oroso adiantouse no marcador no primeiro minuto cun golazo pola escuadra. O Lugo B non se borrou e meteu o medo no corpo aaos locais cun man a man de Xoel que non puido finalizar, e no ecuador da primeira parte Michi empatou ao transformar un penalti que el mesmo provocou. O Lugo B tiña o partido onde quería, pero antes do descanso o Oroso atopouse co dous a un tras un saque de banda sen aparente perigo e ao comezo da segunda parte asinou un golazo co que puxo terra polo medio co tres a un.

Na media hora final o Lugo B chegou a monopolizar o xogo e as ocasións con infinidade delas para maquillar o resultado sen o premio do gol.

| ORILLAMAR | | | VIVEIRO CF |
|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | |




**Goles:** Diego Becerra polo Orillamar; Pablo Fernández polo Viveiro.

**Arbitro:** Alejandro García Mosquera

# Un Viveiro sen puntería

## INFINIDADE DE OCASIÓNS malgastadas ante o colista

### "No tuvimos el día en ataque y pagamos esa falta de pegada en el marcador final" LUCHI Viveiro CF


Os celestes Juan, Novo e Dani ao comezo dun encontro

O Viveiro deixouse dous puntos en Leyma ante o Orillamar, último clasificado, nun partido no que os de Luchi xeraron ocasións dabondo para quedarse cos tres puntos en xogo.

O adestrador celeste incidiu en que era un partido trampa, dos que invitan á relaxación. Ao Viveiro non lle deu tempo a iso xa que nada máis empezar, aos cinco minutos, o Orillamar inaugurou o marcador cun contragolpe.

A partir de aí os herculinos practicamente limitáronse a defender e o Viveiro, cunha hora e cuarto aínda por diante, armouse de paciencia para romper o poboado entramado defensivo local.

Trasi iniciou o carrusel de ocasións, pero tan só Pablo Fernández foi quen de atopar o camiño do gol empatando o encontro á media hora de xogo nunha acción que iniciou Juan. Luis deulle continuidade cun pase que deixou no man a man ao porteiro local con Pablo e este asinou o un a un.

| OS MELLORES | |
|---|---|
| VIVEIRO CF | |
| LUIS | 3 |
| PABLO | 2 |
| HUGUITO | 1 |

Loureiro acariñou a remontada ao final da primeira parte e tralo descanso a sensación era de que o un a dous chegaría en calquer momento. Con todo, as ocasións acumulábanse e o gol non chegaba. O Viveiro buscouno e xerou ocasións, pero os mariñaos, coa pólvora mollada, tivéronse que conformar cun punto que sabe a pouco ante o colista.

# Excesivo castigo no treito final

**0–1 A CINCO MINUTOS PARA O REMATE** dun dos mellores partidos da Milagrosa esta tempada na Liga Galega infantil

**MILAGROSA 0 – 4 SAN TIRSO**

**Goles:** Juan, Pablo, Alejandro y Adrián.




**Arbitro:** Yecis Omal, Susana Gueimonde e Brenda Lence **Campo:** Luis López Gorgoso.

## "El equipo compitió bien durante gran parte del encuentro"

MADRILES SDC Milagrosa

**3**

**GOLES** nos últimos 5 minutos de xogo. Ata entón, a Milagrosa competiu de poder a poder ante o San Tirso

Tres goles nos últimos dez minutos desluciron o bo partido que disputou a Milagrosa ante en San Tirso o pasado venres no Luis López Gorgoso de Frigsa, onde os de Madriles competiron de poder a poder ante un equipo con moita calidade.

O San Tirso apropiouse da posesión desde os primeiros minutos, nos que os lucenses sufriron ao ter que correr moito tralo balón, e antes do cuarto de hora inicial chegou o cero a un. A partir de aí a Milagrosa, lonxe de acusar o gol en contra, deu un paso á fronte xa que roubou máis balóns e con iso tivo máis saídas á contra coas que o equipo conseguía ter osíxeno.

David, cun remate no segundo pau e un man a man ante o porteiro coruñés, estivo preto de empatar antes de chegar ao descanso con boas sensacións para a Milagrosa, que tamén puido asinar o un a un cunha volea de Hugo tras un balón colgado á área por Pablo.

**OS MELLORES**

| MILAGROSA | |
|---|---|
| CRIS | ⚽⚽⚽ |
| BRUNO | ⚽⚽ |
| GONZALO | ⚽ |

Na segunda parte os de Madriles déronlle continuidade ao xogo, apertando cando podían e replegando para pechar liñas cando o San Tirso conseguía romper a primeira presión.

Raúl, cun centro perigoso que non atopou rematador e un par de balóns colgados tras falta lateral, foron as ocasións máis claras para que a Mila puidese empatar antes de chegar ao cruel desenlace no que o San Tirso castigou en exceso aos lucenses con tres goles nos últimos cinco minutos de partido.


Diego presionando a un xogador do San Tirso ante a mirada de Cris


David medíndose en velocidade con Ayana tras un balón solto


Bruno Vasco rabuñando o balón entre dous xogadores do San Tirso nun lance do xogo en Frigsa

# O Imperátor, con moito menos, fixo máis dano

**BOA VERSIÓN** dunha Residencia á que lle faltou contundencia arriba

**IMPERÁTOR 3 – 1 RESIDENCIA**




**Goles:** Rubén, Sam e Saúl polo Imperator; Alonso pola Residencia.

## "En partidos como este falta esa pegada que es diferencial a la hora de sacar algo positivo. Gran esfuerzo de todos los chavales"

KAISER Residencia

A Residencia volveu deixar mellores sensacións do que indica o marcador final ante o Imperátor na Coruña, onde os herculinos tiveron a pegada que lle faltou aos de Kaiser ao longo do encontro para desnivelar o marcador ao seu favor.

**OS MELLORES**

| RAYNOLS | Ribadeo A | 29 |
| RONI | Piringalla A | 26 |
| ERIC | SD Viveiro A | 26 |
| GERMÁN | Stgo de Foz | 25 |
| HUGO | CD Lugo A | 23 |
| ALAN | CD Lugo A | 21 |
| ROQUE | SD Viveiro A | 21 |
| JAIME | SD Viveiro A | 20 |
| ABEL | Piringalla A | 19 |
| JOSÉ GAYOL | Stgo de Foz | 19 |
| IKER | Residencia | 16 |
| RUBÉN | CD Lugo A | 15 |
| NEREA | Piringalla A | 15 |
| TONI | Ribadeo A | 14 |
| ALEIXO | Xove Lago | 13 |
| DAVID | CD Lugo A | 12 |
| MATEO | Xove Lago | 12 |
| ALMA | Piringalla A | 11 |
| MAURO | Piringalla A | 11 |
| XIAN | Piringalla A | 11 |
| SAMUEL | Residencia | 11 |
| NICO | Sagrado A | 11 |
| RAÚL | SD Viveiro A | 11 |
| SAID | Piringalla A | 10 |
| LOMBARDÍA | Residencia | 10 |
| IKER FDEZ | Stgo de Foz | 10 |
| JAVI | Ribadeo A | 9 |
| YERAI | CD Lugo A | 8 |
| BENTO | Piringalla A | 8 |
| RODRI | Residencia | 8 |
| ALEIX | Residencia | 8 |
| ERIC | Sagrado A | 8 |
| GABRIEL | Sagrado A | 7 |
| LEO | CD Lugo A | 6 |
| ADRIÁN | Piringalla A | 6 |
| LUCAS | Residencia | 6 |
| BRAIS | Sagrado A | 6 |
| MARCOS | Stgo de Foz | 6 |
| XAVI | Xove Lago | 6 |
| BRUNO | Residencia | 5 |
| MATEO | Ribadeo A | 5 |
| NACHO | Xove Lago | 5 |
| ÓSCAR | Xove Lago | 5 |
| ANTÓN | CD Lugo A | 4 |
| NICO | Piringalla A | 4 |
| DIEGO | Residencia | 4 |
| ÁLEX | Residencia | 4 |
| HUGO Y. | SD Viveiro A | 4 |
| GUILLE | Stgo de Foz | 4 |
| ANDRÉS B. | Residencia | 3 |

## Pichichi
INFANTIL PROVINCIAL

| Xogador | Equipo | G. |
|---|---|---|
| CARLOS | Villalbés A | 30 |
| DANI | Lugo B | 29 |
| FERNANDO | Burela SD | 24 |
| ADRIÁN | Burela SD | 24 |
| TONI | Villalbés A | 24 |
| DAVID B. | Sagrado A | 23 |
| CARLOS | Ribadeo | 20 |
| CARLOS | Becerreá | 19 |
| S. VÉLEZ | Residencia B | 18 |
| NOEL | Villalbés A | 18 |
| IGNA | Ribadeo | 16 |
| ADRIÁN | SD Viveiro | 16 |
| JOSÉ | Lugo B | 14 |
| UNAI | Residencia B | 14 |
| OMAR | Lugo B | 13 |
| XOEL | Sarriana | 13 |
| ANXO | Villalbés A | 13 |
| JAVI | Becerreá | 12 |
| RUBÉN | Sarriana | 12 |
| ANDRÉ | Lugo B | 11 |
| JARNO | Sagrado A | 11 |
| IVÁN | Burela SD | 10 |
| ADRIÁN | Sarriana | 10 |
| SAÚL FDEZ | Sarriana | 10 |
| MARTÍ | SD Viveiro | 10 |
| ÁLEX L. | Villalbés A | 10 |
| VILLA | Lugo B | 9 |
| AYOUB | Ribadeo | 8 |
| ANTÓN | Ribadeo | 8 |
| BRAIS | Ribadeo | 8 |
| SAMUEL | SD Viveiro | 8 |
| LUCAS F. | SD Viveiro | 8 |
| XAVI | Ribadeo | 7 |
| RICARDO | Villalbés A | 7 |
| S. VIVERO | Residencia B | 6 |
| MIGUI | Ribadeo | 6 |
| VICENTE | Villalbés A | 6 |
| FRANK | Burela SD | 5 |

## Regularidade
INFANTIL PROVINCIAL

| Xogador | Equipo | P. |
|---|---|---|
| JARNO | Sagrado A | 32 |
| XABI | Residencia B | 27 |
| DAVID B. | Sagrado A | 27 |
| CARLOS | Becerreá | 24 |
| CANDELA | Becerreá | 24 |
| ADRIÁN | Burela SD | 24 |
| S. VÉLEZ | Residencia B | 21 |
| XOEL | Sarriana | 19 |
| YAGO | Burela SD | 18 |
| ÓSCAR | Residencia B | 18 |
| ADRIÁN | SD Viveiro | 18 |
| MARTÍ | SD Viveiro | 18 |
| FRAN | Sagrado A | 17 |
| NOEL | Villalbés A | 17 |
| FERNANDO | Burela SD | 16 |
| DANI | Lugo B | 16 |
| ANDRÉ | Lugo B | 16 |
| ÁLEX | Lugo B | 15 |
| CARLOS | Ribadeo | 15 |
| SAÚL F. | Sarriana | 15 |
| BRUNO | Lugo B | 14 |
| ROI | Ribadeo | 14 |
| ANXO | Villalbés A | 14 |
| DAVID | Ribadeo | 13 |
| KIKE | Sagrado A | 13 |
| RUBÉN | Sarriana | 13 |
| CARLOS | SD Viveiro | 13 |
| GAYOSO | Burela SD | 12 |
| BRAIS | Ribadeo | 12 |
| MIGUI | Ribadeo | 11 |
| ADRI | Ribadeo | 11 |
| TOURÓN | Sarriana | 11 |
| SERGIO | Becerreá | 10 |
| PEPE | Lugo B | 10 |
| ADRIÁN | Becerreá | 9 |
| RAÚL | Lugo B | 9 |
| ALAN | Sagrado A | 9 |


Os xogadores do Ribadeo celebrando un gol esta tempada no Provincial infantil, no que se manteñen con vida por alcanzar unha das tres primeira prazas

# O Ribadeo remontou en Sarria

**OS DE MORO** sumaron na Ribela tres puntos vitais para seguir con opcións de clasificarse entre os tres primeiros e xogar polo Ascenso

**SARRIANA 2 - 3 RIBADEO**

**Goles:** Rubén e Saúl F. | **Goles:** Kai, Adri e Brais

Sarriana: Carlos; Saúl T. (Adan), Slatel, Álex (Mauro), Nacho (Iago), Saúl F. (Smit), Xoel, Pablo No (Adrián), Rubén, Denis, Adri.

Ribadeo: Antón; Carlos, Migui, David, Igna (Ayoub), Xabi (Roi), Aarón, Adri, Kai, Brais (Dopico), Hugo (Javi).

**Arbitro:** Luis Pérez Wirz **Campo:** A Ribela

**OS MELLORES**

| SARRIANA | | RIBADEO | |
|---|---|---|---|
| CARLOS | 3 | KAI | 3 |
| DENÍS | 2 | ADRI | 2 |
| SAÚL F. | 1 | BRAIS | 1 |

Os puntos véndense cada vez máis caros na liga provincial infantil. Así o acreditou o encontro entre Sarriana e Ribadeo, no que os visitantes tiveron que remontar o 1-2 para facerse cun triunfo imprescindible para seguir con opcións de facerse cun dos tres billetes para disputar a fase de ascenso.

Os locais comezaron mellor o partido e, nunha das primeiras ocasións, adiantáronse cun gol de Raúl desde fóra da área. O tanto serviu de "toque de atención" para o Ribadeo que, nos minutos seguintes, reclamou o protagonismo que se lle supoñía. A Sarriana defendeuse con orde e conseguiu neutralizar as accións de perigo dos ribadenses ata que, nun lanzamento de falta, Kai conseguiría o tanto co que se chegou ao tempo de descanso na Ribela. No último treito da primeira metade,os de Moro perseguiron o segundo, pero negóuselles.

> **"Quédannos cinco partidos que vamos a saír a competir para rematar a temporada o mellor posible"** RAÚL SD Sarriana

> **"Victoria importante para seguir con opcións despois dun partido duro"** MORO Ribadeo

Tras o paso polos vestiarios o Ribadeo seguiu á carga con dúas ocasións de Migui en área pequena para darlle a volta ao marcador. Sen embargo, aínda volvería dar a Sarriana cun centro chut de Rubén que volvía poñer por diante aos locais.

O Ribadeo tirou de orgullo para insistir en darlle a volta a un resultado que o afastaría de forma case definitiva da loita polas tres primeiras prazas. Os de Moro volcáronse sobre a área local. Así, chegou o 2-2 nunha volea de Kai, que rematou un centro de Brais.

A dous minutos para o final, o propio Brais chegaría ao rescate dos tres puntos cun man a man que converteu no 2-3. Os ribadenses suben provisionalmente á segunda praza, adiantando a Viveiro -cun partido pendente- e a Burela, que ten aínda dous encontros por xogar-.

# O Lugo B cortou a xeira do Becerreá

**ANTÓN MÉNDEZ,** no banquiño visitante do Municipal, puxo fin á dinámica gañadora dos de Nico Longhini sumando o terceiro triunfo albivermello a domicilio no Provincial

| SD BECERREÁ | | CD LUGO B | |
|---|---|---|---|
| | **0** | | **3** |
| Antón | 1 | Jorge | |
| Martín | | Raúl | |
| Claudio | | Pepe | 3 |
| Sergio | 2 | Álex | 1 |
| Candela | 3 | Bueno | 2 |
| Alejo | | Anxo | |
| Adrián | | Bruno | |
| Babiac | | André | |
| Deivid | | Villa | |
| Andrés | | Dani | |
| Carlos | | Jose | |
| Manu | | Román | |
| Álvarez | | David | |
| Diego | | Omar | |

**Goles:** Villa, Dani e Omar polo CD Lugo B.

**Arbitro:** Alberto Lago Barreiro.

O Lugo B tardou, pero puxo fin á resistencia do Becerreá na segunda parte con tres goles tralo cero a cero co que se chegou ao descanso.

Os de Nico chegaban á cita con tres vitorias consecutivas, mentres que os de Antón Méndez, que nesta xornada sentouse no banquiño visitante no Municipal, demostrou que a domicilio están máis cómodos neste provincial infantil ao selar a súa terceira vitoria lonxe das Gándaras.

Nos primeiros corenta minutos o Lugo B tivo o balón pero non atopou vías para romper o entramado defensivo dun Becerreá con dúas liñas de catro moi xuntas, e cando conseguiu xerar perigo, apareceu Antón baixo paus para manter a súa portería a cero como en dous remates de Dani.

Xa na segunda parte o cero a cero mantívose un cuarto de hora, ata que Omar acudiu á súa cita co gol para desnivelar o marcador. A partir de aí todo foi máis fácil para o Lugo B, xa que o Becerreá adiantou liñas e o esforzo realizado propiciou que os capitalinos tiveron máis espazos.

> **"Hemos hecho un gran partido a nivel defensivo ante un rival que genera mucho en ataque"** NICO SD Becerreá

> **"Felicito al Becerreá por la gran temporada que están haciendo y a mi equipo por recuperar la intensidad defensiva"** ANTÓN MÉNDEZ CD Lugo B

O Lugo B apenas concedeu ocasións en defensa e sentenciou o encontro cos goles de Dani e Vila nos últimos dez minutos de partido no Municipal de Becerreá.

# O Rácing deu un salto de xigante na Magdalena

**OS DE JANDRO NOVOA REMATAN LÍDERES A XORNADA** e teñen pé e medio na Promoción de ascenso. O Viveiro despídese do título Provincial trala derrota

**RC VILLALBÉS A 4 – 2 SD VIVEIRO**

**Goles:** Carlos (2)(. Anxo e Sergio Díaz.

**Goles:** Martí (2)




**Arbitro:** Antón Lodeiro Sarmiento **Campo:** Magdalena.

**"Da igual qué jugador esté sobre el campo, todos dan el 100% y eso es de agradecer"**
JANDRO NOVOA RC Villalbés

**"Partido para aprender y sacar conclusiones si queremos crecer como equipo"** ANTONIO SERRANO Viveiro

### OS MELLORES

| RC VILLALBÉS | | SD VIVEIRO | |
|---|---|---|---|
| ANXO | 3 | MARTÍ | 3 |
| BREIXO | 2 | ALEJANDRO | 2 |
| VICENTE | 1 | BRUNO | 1 |



Os xogadores do Rácing Villalbés celebrando na Magdalena un dos goles ante o Viveiro

O Rácing Villalbés pasará como mínimo ata o mércores no máis alto da clasificación do Provincial infantil. Os de Jandro Novoa deron un salto de xigante para disputar a fase de ascenso tras impoñerse a un Viveiro que se descolga da loita polo título, pero que mantén intactas as súas opcións de estar entre os tres primeiros clasificados.

O Villalbés é líder, pero o Burela, que aprazou o encontro desta xornada ata pasadomañá, pode recuperar o mando si consegue os tres puntos ante o Sagrado Corazón. De gañar, os de Javi Ruiz terían máis de medio título Provincial no peto.

O partido da xornada mediu a dous dos aspirantes ao ascenso e estivo á altura das expectativas. No encontro de ida o Viveiro impúxose por catro goles a dous no Marcos Gómez, pero o factor A Magdalena animou aos chairegos e enguliu a un Viveiro que se presentou en Villalba coa intención de asaltar o liderado e meter presión ao Burela polo título Provincial.

O Villalbés borrou do campo ao Viveiro nos primeiros minutos a base de intensidade, aproveitando a súa maior fortaleza física nun campo de pequeno do que sacaron o máximo proveito, xa que aos oito minutos Carlos fixo o un a cero tras un saque de esquina, mentres que sen deixar marxe á reacción celeste, Anxo ampliou a vantaxe ao rematar un centro lateral.

Co Viveiro tocado, os de Antonio Serrano evitaron o afundimento co dous a un nunha acción na que se xuntaron os dous mellores xogadores mariñaos neste encontro, Alejandro e Martí. O primeiro fabricou a xogada e o segundo culminouna para recortar distancias e alimentar o soño dos puntos para un Viveiro que terminou a primeira parte buscando e merecendo o empate nos seus mellores minutos ao longo do encontro.

Na tregua do intermedio o Villalbés recuperou forzas e volveu ser mellor, sobre todo tralo tres a un que volveu asinar Carlos, nesta ocasión ao facerse cun balón ao espazo do que finalizou ante Dopico cunha vaselina e que foi un golpe moi forte para a moral do Viveiro.

A sociedade Martí Boixet e Alejandro volveu funcionar e resucitou ao Viveiro ao recortar distancias de novo Martí co tres a dous. O último tren para puntuar por parte do Viveiro pasou cunha ocasión de Alejandro que puido ser o empate a tres. A partir de aí o conxunto celeste descoidou a defensa en busca do empate e o Villalbés aproveitou os espazos para sentenciar o encontro co catro a dous definitivo que asinou Sergio Díaz para azalse ao primeiro posto e igualar o average co Viveiro.



Adri tratando de levar o esférico presionado por Noel



Brais a punto de lanzar unha falta directa na Magdalena



Martí pelexa un balón na esquina ante o local Noel



Alejandro trata de levar o esférico seguido de Hugo

## CLASIFICACIÓNS

### INFANTIL Promoción Ascenso

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| RC Villalbés – Viveiro | 4–2 |
| Sagrado C. – Burela | Apr. |
| Sarriana – Ribadeo | 2–3 |
| Becerreá – Lugo B | 0–3 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| RC VILALBÉS | 27 | 13 | 8 | 3 | 2 | 61 | 24 |
| SD RIBADEO | 26 | 13 | 8 | 2 | 3 | 41 | 17 |
| BURELA S.D. | 26 | 11 | 8 | 2 | 1 | 51 | 21 |
| S.D. VIVEIRO | 25 | 12 | 8 | 1 | 3 | 45 | 27 |
| S.D. SARRIANA | 15 | 12 | 4 | 3 | 5 | 30 | 35 |
| C.D. LUGO SAD "B" | 15 | 13 | 4 | 3 | 6 | 42 | 37 |
| S.D. BECERREA | 10 | 12 | 3 | 1 | 8 | 19 | 43 |
| SAGRADO "A" | 7 | 12 | 1 | 4 | 7 | 20 | 50 |
| S.D. RESIDENCIA "B" | 4 | 12 | 1 | 1 | 10 | 19 | 74 |

**PRÓXIMA XORNADA**

Viveiro - Sagrado C. | Ribadeo - Becerreá
Sarriana - Burela SD | Lugo B - Residencia B



## Pichichi
CADETE PROVINCIAL

| Xogador | Equipo | G. |
|---|---|---|
| SAMU | Ribadeo | 25 |
| DANI | Burela SD | 23 |
| ISMAEL | CD Foz | 19 |
| DHOMI | Polvorín A | 19 |
| DAVID | Sagrado | 18 |
| MANU COUCE | Polvorín A | 17 |
| LOMBARDÍA | Residencia A | 17 |
| ISMA | Monterroso | 16 |
| MANOEL | Residencia A | 16 |
| HAMZA | Sarriana A | 15 |
| ABUÍN | CD Foz | 13 |
| MARTÍN | Residencia A | 13 |
| SERGIO | CD Foz | 12 |
| HUGO SOTO | Burela SD | 11 |
| DEL VISO | Ribadeo | 11 |
| JOSE | CD Foz | 10 |
| CANCIO | Residencia A | 10 |
| MIGUEL | Ribadeo | 10 |
| AYÁN | Sarriana A | 10 |
| MANU | Castro | 9 |
| RAÚL | Monterroso | 9 |
| SAMUEL | Polvorín A | 9 |
| ROI | Ribadeo | 9 |
| ÁLEX FDEZ. | Polvorín A | 8 |
| IVÁN | Ribadeo | 8 |
| LUCAS | CD Foz | 7 |
| DAVID | Polvorín A | 7 |
| VICTOR | Residencia A | 7 |
| YOEL | Residencia A | 7 |
| YONI | Sagrado | 7 |
| ADRIÁN | Burela SD | 6 |
| RIVEIRA | Castro | 6 |
| IVÁN | Monterroso | 6 |
| ANDRÉS | Polvorín A | 6 |
| BORJA | Ribadeo | 6 |
| DIEGO | Ribadeo | 6 |
| DAVID OTERO | Burela SD | 5 |

## Regularidade
CADETE PROVINCIAL

| Xogador | Equipo | P. |
|---|---|---|
| CARLOS | CD Foz | 29 |
| DANI | Burela SD | 27 |
| CANCIO | Residencia A | 26 |
| ISMA | Monterroso | 23 |
| JAVI PÉREZ | Ribadeo | 23 |
| ABUÍN | CD Foz | 21 |
| RICARDO | Sarriana A | 20 |
| DAVID | Sagrado | 18 |
| MANU | Monterroso | 17 |
| LOMBARDÍA | Residencia A | 17 |
| SAMUEL | Ribadeo | 17 |
| ADRIÁN | Burela SD | 16 |
| DAVID OTERO | Burela SD | 16 |
| SERGIO | CD Foz | 16 |
| ÁLVARO | CD Foz | 16 |
| ANDRÉS | Polvorín A | 15 |
| JAVI | Polvorín A | 15 |
| JOSE | CD Foz | 14 |
| XES | Monterroso | 14 |
| BORJA | Ribadeo | 14 |
| SAMUEL | Sagrado | 14 |
| MANU | Castro | 13 |
| ÁLEX | CD Foz | 13 |
| GABI | Monterroso | 13 |
| ÁLEX FDEZ. | Polvorín A | 13 |
| IGNACIO | Polvorín A | 13 |
| MANU COUCE | Polvorín A | 13 |
| SAÚL | Sarriana A | 13 |
| AYÁN | Sarriana A | 13 |
| ANXO | Burela SD | 12 |
| PABLO | CD Foz | 12 |
| JORGITO | Residencia A | 12 |
| DEL VISO | Ribadeo | 12 |
| HUGO SOTO | Burela SD | 11 |
| MIGUEL | Castro | 11 |
| IVÁN | Monterroso | 11 |
| JORGE | Monterroso | 11 |
| RAÚL | Polvorín A | 11 |


O branquiazul Adrián Cancio leva o balón nun encontro disputado na Cheda ante o Monterroso na primeira volta

# O Ribadeo reivindica a súa candidatura

## A VITORIA SOBRE A RESIDENCIA deixaos a un punto do Polvorín, co duelo entre branquiazuis e amarelos á vista

| RIBADEO | 3 | 1 | RESIDENCIA |
|---|---|---|---|
| Goles: Javi Andina, Del Viso e Miguel Pinto | | | Gol: Yoel |




Arbitro: David Jiménez Jiménez    Campo: Pepe Barrera

**OS MELLORES**

| RIBADEO | RESIDENCIA |
|---|---|
| BORJA | JORGE |
| BRAIS | MARTÍN |
| J. PÉREZ | JAVI |

O Ribadeo reivindicou a súa candidatura ao título cunha vitoria ante a Residencia, á que releva na segunda praza.

A transcendencia do partido no Pepe Barrera palpábase na grada e contaxiouse ao terreo de xogo, onde a presión mermou máis á Resi. O Ribadeo impúxose o seu xogo no tramo inicial do encontro, no que Del Viso avisou cun remate só dentro da área antes de marcar o 1-0 aos quince minutos de partido, nun córner no que os branquiazuis non acertaron a despexar o rexeitamento inicial de Álex. Apenas cinco minutos despois, noutro saque de esquina, Javi Andina anotou o segundo tanto ribadense.

Antes do descanso as expulsións de Cancio por unha falta, e de Javi Andina por protestar deixaron os dous equipos con dez.

Tras o intermedio, a Residencia intentou parecerse máis á doutros encontros, pero sobroulles precipitación. Con todo, Yoel recurtou distancias de falta directa e o equipo apurou as súas opcións para empatar colocando a Cristian como dianteiro, pero non conseguiron crear ocasións claras. Lonxe diso, perderon a Lombardía, expulsado nunha acción con Iñaki. Cos branquiazuis á desesperada, o Ribadeo sentenciou por medio de Miguel Guedes.

A vitoria deixa aos de Coto con 27 puntos, os mesmos ca Residencia a que superan no average, e a un punto do Polvorín, líder, co duelo directo entre branquiazuis e amarelos á vista.

> **"Estes tres puntos permitennos disputar o campionato provincial ata o final"**
> COTO Ribadeo

> **"Non queda outra que aprender dos erros"**
> ADRIÁN VÁZQUEZ Residencia

# O Foz afasta a última praza

## OS DE BURUNDA confirmaron a súa boa xeira sumando ante Sagrado Corazón tres puntos que os alonxan da derradeira posición

| FOZ | 3 |
|---|---|
| SAGRADO C. | 0 |

| FOZ | SAGRADO C. |
|---|---|
| Álvaro | Fernández |
| Mateo | Jose |
| Diego | Quintela |
| Adan | Mallo |
| Carlos | Fran |
| Riki | Carlos |
| Samuel | Eder |
| Sergio | Samuel |
| Abuín | Aarón |
| Pablo | YOni |
| Jose | Diego |
| Youssef | Losada |
| Manuel | Sergio |
| José María | Yago |
| Lucas | |

Goles: Jose (2) e Carlos

Arbitro: Antonio Javier Lanzos Rey

O Foz logrou ante Sagrado Corazón a terceira vitoria do campionato provincial.

Nos últimos catro partidos os de Burunda lograron dúas vitorias, un empate e unha derrota: A mellor xeira do que vai de competición que lle permite distanciarse da última praza, a evitar porque compromete a continuidade dos equipos na Primeira División cadete de cara á vindera temporada.

> **"Noraboa aos rapaces polo gran traballo realizado"**
> BURUNDA Foz

O equipo focense deulle ademais a volta ao precedente co que afrontaba o encontro, xa que o enconro de ida nas Gándaras decantarase do lado do Sagrado Corazón.

Tras uns primeiros minutos sen un dominador claro, co 1-0 de Jose nunha xogada individual, os locais fixéronse co mando do partido dispoñendo de ocasións para ampliar a renda, algo que conseguiu Jose, nun córner, antes do intermedio. Na segunda metade Carlos, con outro remate de cabeza, sentenciou o encontro en Malates.

A vindeira xornada os de Burunda visitarán ao Monterroso. Sagrado Corazón ten un esixente compromiso co Ribadeo.

# O Monterroso enlaza por primeira vez dúas vitorias

## ISMA, de penalti, decidiu o partido

| MONTERROSO | 1 |
|---|---|
| BURELA | 0 |

| MONTERROSO | BURELA |
|---|---|
| Kevin | Lucas |
| Roi | Balseiro |
| Xes | David Otero |
| Jorge | Sergio |
| Diego | Rafa |
| Martín R. | Brais Penelo |
| Raúl | Raúl |
| Iván | Azael |
| Louzao | Hugo |
| Santi | Antonio |
| Manu | Dani Jiménez |
| Isma | David Orosa |
| Gabi | Manu |
| Martin P. | Aleixo |
| Lucas | |
| Esteban | |

Gol: Isma

Arbitro: Álvaro López Díaz

O Monterroso enlazou por primeira vez dúas vitorias no campionato provincial. Os de Adrián Vázquez gañaron por segunda xornada consecutiva ante o Burela, que os vencera na ida na Marosa.

Os locais quedaron cos tres puntos tras un partido igualado, sobre todo na primeira metade, na que os dous equipos se acercaron á area rival, aínda que non puideron inaugurar o marcador.

Tras o paso polos vestiarios, nun tiro desde fóra da área de Martín R., o colexiado sinalou mans na área dun defensor visitante. Isma transformou a pena máxima e adiantou ao Monterroso.

Ata o final, os da Ulloa disporían de ocasións para ampliar a renda por medio de Gabi, nunh acción pola esquerda, de Iván, que rematou de cabeza, ou de Manu.

O marcador non se volveu mover, pero o Monterroso pechou o partido sen sufrir malia o exiguo resultado.

A vindeira semana, os de Adrián Vázquez mediranse ao Foz en Malates. O Burela recibirá á Sarriana na Marosa.

> **"Outra vez fomos capaces de gañar un partido igualado"**
> ADRIÁN VÁZQUEZ Monterroso

> **"Partido igualado no que un penalti, dende o meu punto de vista moi discutible, decantou o encontro. O empate sería o máis xusto"**
> RAMIRO Burela

# O Polvorín tivo máis de medio título na súa man

**O EMPATE ANTE A SARRIANA** deixa todo aberto, sobre todo trala vitoria do Ribadeo ante a Residencia. Os de Caballero van á Cheda a próxima xornada, onde só lles vale gañar, mentres que outro resultado relanza aos mariñaos

**POLVORÍN 1 – 1 SARRIANA**

**Gol:** Domhi | **Gol:** Ayan




**Arbitro:** Antón Llenderrozas Ron **Campo:** O Polvorín

> "Tenemos que intentar jugar siempre con la misma intensidad, y en la próxima jornada tenemos una buena oportunidad para hacerlo"
>
> CABALLERO EF Polvorín

> "Bo partido e gran esforzo de todo o equipo. Hai que seguir mellorando cousas, pero esta dinámica é a boa. Parabéns"
>
> ÉDGAR Sarriana

**OS MELLORES**

| POLVORÍN | | SARRIANA | |
|---|---|---|---|
| JAVI | 3 | GALLEGO | 3 |
| M. COUCE | 2 | BARRIO | 2 |
| DOMHI | 1 | DAVID G. | 1 |

O Provincial cadete segue no seu máximo esplendor. O Polvorín é o novo líder en solitario e o é tras sumar un punto que, visto o que sucedeu no Pepe Barrera deixa un sabor agridoce, xa que os de Montirón grazas ao empate son líderes en solitario, pero deixaron pasar unha oportunidade de ouro para ter medio Provincial no peto.

A Sarriana rascou un punto en Montirón nun partido de poder a poder na primeira parte, na que os de Edgar aproveitaron un erro local para inaugurar o marcador, mentres que na segunda chegou a esperada reacción dun Polvorín que pese a empatar nos primeiros minutos non puido culminar a remontada ante a resistencia dunha gran versión da Sarriana.

As ausencias marcaron o once inicial de Caballero, mentres que a Sarriana afrontou o encontro con doce xogadores que se baleiraron aos longo dos oitenta minutos. O Polvorín tivo o balón na primeira parte, pero a orde defensiva dos de Edgar apenas concedeu ocasións ante un David González que co paso do encontro foi determinante.

Antes do descanso Ayan fixo o cero a un, nunha acción sen aparente perigo no que un exceso de relaxación local propiciou o gol co que terminou a primeira parte.

Tralo paso polos vestiarios o Polvorín, con Lucas e Dhomi arriba, foi máis vertical á vez que adiantou a presión para que practicamente xogásese en campo rival. Dhomi acudiu á súa cita co gol nos primeiros minutos, polo que a remontada parecía cuestión de tempo. O Polvorín tivo ocasións, pero David González estivo moi seguro e a Sarriana levouse un punto con xustiza de Montirón.


Gallego despexa un balón nun saque de esquina anticipándose ao dianteiro local Dhomi

**28**

**PUNTOS POLVORÍN,** que se presentará na Cheda como líder en solitario cun punto máis que Residencia e Ribadeo. Os de Caballero non poden especular e teñen que gañar para manter un primeiro posto ao que opta ahora con máis forza o Ribadeo, pendente dun traspés dos de Montirón para alzarse co liderado ao ter o average particular coa Residencia a favor

**Próxima xornada**

O Ribadeo xoga nas Gándaras ante o Sagrado Corazón, pero os de Coto tamén o farán na Cheda. Si suman os tres puntos ante o Sagrado aos mariñaos valeranlles dous dos tres resultados posibles para ser primeiros. A opción do Polvorín de saír líder da Cheda é unha, gañar o encontro.


Somoza pelexando un balón entre Lucas e Andrés



Saúl a piques de golpear o esférico ante o local Javi


Lucas leva o balón co xeonllo ante o visitante Michi


Michi, Manu Couce e Andrés ante un balón dividido

## CLASIFICACIÓNS

**CADETE Promoción Ascenso**

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| Monterroso – Burela | 1-0 |
| Polvorín – Sarriana | 1-1 |
| Ribadeo – Residencia | 3-1 |
| Foz – Sagrado Corazón | 3-0 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| EF POLVORÏN | 28 | 11 | 9 | 1 | 1 | 28 | 10 |
| SD RIBADEO | 27 | 11 | 9 | 0 | 2 | 34 | 10 |
| RESIDENCIA "A" | 27 | 11 | 9 | 0 | 2 | 34 | 12 |
| SARRIANA "A" | 12 | 11 | 3 | 3 | 5 | 15 | 22 |
| MONTERROSO | 10 | 10 | 3 | 1 | 6 | 16 | 19 |
| C.D. FOZ | 7 | 10 | 2 | 1 | 7 | 17 | 27 |
| BURELA S.D. | 6 | 10 | 2 | 0 | 8 | 14 | 39 |
| S. CORAZON | 6 | 10 | 2 | 0 | 8 | 10 | 29 |

**PRÓXIMA XORNADA**

Sarriana – Burela
Residencia – Polvorín
S. Corazón – Ribadeo
Foz – Monterroso



## Pichichi
XUVENIL PROVINCIAL

| Xogador | Equipo | G. |
|---|---|---|
| ANXO | Milagrosa | 25 |
| ABELLA | Sarriana | 19 |
| BORJA | Castro | 14 |
| NANO | Milagrosa | 14 |
| IAGO | Polvorín FC | 14 |
| DAMIÁN | Becerreá | 11 |
| MARCO | Milagrosa | 11 |
| GUNDÍN | Sagrado | 11 |
| ABEL | Villalbés B | 10 |
| NEIRA | Milagrosa | 9 |
| ALBERTO | Polvorín FC | 9 |
| IVÁN GARCÍA | Ribadeo | 9 |
| DIEGO | San Ciprián | 9 |
| ANTONIO | Becerreá | 8 |
| TORITO | Castro | 8 |
| VÍCTOR | Foz | 8 |
| GABRI | Villalbés B | 8 |
| JAVI | Becerreá | 7 |
| SANTÍN | Becerreá | 7 |
| ÁLEX | Castro | 7 |
| SPEEDY | Polvorín FC | 7 |
| IVANILSON | San Ciprián | 7 |
| RAÚL | Castro | 6 |
| JHOSEBA | Foz | 6 |
| JORGE | Ribadeo | 6 |
| SERGI | Sagrado | 6 |
| FLY | San Ciprián | 6 |
| GABRI | Villalbés B | 6 |
| EDILSON | Foz | 5 |
| XOEL | Milagrosa | 5 |
| JAVI PORRAL | Polvorín FC | 5 |
| MARCO | Sarriana | 5 |
| ÁNGEL | Villalbés B | 5 |
| NACHO | Castro | 4 |
| JORGE | Castro | 4 |
| MÁNGEL | Castro | 4 |
| YERAI | Foz | 4 |

## Regularidade
XUVENIL PROVINCIAL

| Xogador | Equipo | P. |
|---|---|---|
| SPEEDY | Polvorín FC | 39 |
| RAÚL | Castro | 27 |
| JORGE | Foz | 26 |
| DIEGO | San Ciprián | 26 |
| ANXO | Milagrosa | 24 |
| HUGO | Sagrado | 24 |
| BORJA | Castro | 23 |
| ADRIÁN | Castro | 22 |
| IAGO | Polvorín FC | 22 |
| ÁLEX | Polvorín FC | 21 |
| ABELLA | Sarriana | 21 |
| SANTÍN | Becerreá | 20 |
| ÁLEX | Foz | 19 |
| ÁLEX | Ribadeo | 19 |
| HUGO | Ribadeo | 17 |
| ABRAHAM | San Ciprián | 17 |
| IAGO | Villalbés B | 17 |
| IVÁN | Becerreá | 16 |
| VÍCTOR | Foz | 16 |
| PLATAS | Sagrado | 16 |
| HUGO | San Ciprián | 16 |
| ÁNGEL | Villalbés B | 16 |
| JORGE | Castro | 15 |
| DIEGO | Ribadeo | 15 |
| GUNDÍN | Sagrado | 15 |
| EDGAR | Sarriana | 15 |
| ABEL | Villalbés B | 15 |
| IVANILSON | San Ciprián | 14 |
| FABÍAN | Sarriana | 14 |
| ANDRÉS | San Ciprián | 13 |
| NICO | Villalbés B | 13 |
| GABRIEL | Villalbés B | 13 |
| JUAN | Foz | 12 |
| DIEGO | Milagrosa | 12 |
| ADRIÁN | Sagrado | 12 |
| ELÍAS | San Ciprián | 12 |
| MARCO | Sarriana | 12 |
| DAMIÁN | Becerreá | 11 |

# O Sagrado rabuñou un punto no tempo engadido

**O FOZ DESPERDICIOU VARIAS OCASIÓNS** na primeira metade e deixou nas Gándaras dous puntos importantes na loita pola terceira posición

**SAGRADO 3 – 3 FOZ**

**Goles:** Fundín Sergi e Yoni

**Goles:** Álex Carreiras (2) e Joseba




**Arbitro:** Iván Abel Bruzo **Campo:** Rodríguez Lago- As Gándaras

**“Queremos seguir dando guerra. El camino a seguir es el de la segunda parte”** FRAN FERNÁNDEZ Sagrado

**“Partido que puidemos gañar con comodidade na primeira metade e que, se dura cinco minutos máis, terminariamos perdendo”** IVÁN GAYOL Foz

**OS MELLORES**

| SAGRADO C. | | FOZ | |
|---|---|---|---|
| YONI | 3 | jOSEBA | 3 |
| GUNDÍN | 2 | JORGE | 2 |
| HUGO | 1 | VÍCTOR | 1 |

**1–3**

**DESCANSO**
O Foz reaccionou ben ao temperán gol de Gundín para Sagrado Corazón e dominou a primeira metade na que, ademais dos tres goles, xerou ocasións para seguir ampliando a renda

Dous goles nos últimos cinco minutos de encontro servíronlle ao Sagrado Corazón para rescatar un punto nun partido dominado polo Foz na primeira metade. Así, o empate nas Gándaras deixa mellor sabor de boca aos locais, que seguen sumando por terceira xornada consecutiva, que aos de Iván Gayol, que nas últimas tres xornadas foron perdendo a vantaxe coa que contaban na loita polo terceiro posto.

A vindeira semana mediranse á Sarriana nun duelo directo que pode deixar moito dito nesa batalla.

O partido tivo un inicio tolo. Antes de cumprirse os dez minutos, sen case tempo para que os equipos se asentasen no campo, o marcador era de 1-2.

Gundín adiantou ao Sagrado Corazón na xogada do saque de centro. Pero o Foz deulle a volta ao resultado con dous goles de Álex Carreiras. A remontada non foi un espellismo se non o reflexo do dominio dos visitantes que, na primeira metade, marcaron o terceiro por medio de Joseba e, con accións moi verticais sobre Víctor e o propio Jhoseba, tiveron ocasións claras para deixalo sentenciado.

Sen embargo, o conxunto local aguantou o envite e, na segunda metade, o escenario mudou totalmente.

O Foz, que afrontou o encontro con 11 xogadores -como en moitas ocasións ao longo da temporada- foi perdendo protagonismo, e Sagrado Corazón tomou as rendas do encontro, controlando o balón, aínda que sen profundidade ata os últimos cinco minutos. Yoni recurtou distancia cunha vaselina e, no desconto, Sergi logrou o tanto do empate e rescatou un punto.


Jhoseba controla o esférico ante a presión de Hugo


Víctor Pérez a piques de golpear o balón ante Yeray


Róber anticípase a Jorge na disputa dun balón dividido

# Damián guiou a remontada local

**O CADETE FOI O GRAN PROTAGONISTA** no tramo final do partido no Municipal onde asinou dous goles e forzou o penalti que culminou o triunfo do Becerreá

| BECERREÁ 3 | | CASTRO 2 | |
|---|---|---|---|
| Óscar | | Rodrigo | |
| Sergio | 2 | Joel | |
| Iván | | Asier | |
| Javi | | Marcos | |
| Jorge | | Pete | |
| Santín | 1 | Adrián | |
| Miguel | | Torito | 3 |
| Jose | | Jorge | 1 |
| Deiros | | Ónega | |
| Marco | | Raúl | 2 |
| Riomao | | Borja | |
| Pereiro | | Nacho | |
| Andrés | | Álex | |
| Damián | 3 | Mángel | |
| | | Diego | |

**Goles:** Damián (2), e Santín polo Becerreá; Torito dous polo Castro.

**Arbitro:** Adrián Estraviz Cerdeira.

O Becerreá volveu gañar despois de tres xornadas tras remontar un cero a dous ante o Castro. Os de Antón Méndez déronlle a volta a un partido que, a vintecinco minutos do final, parecía claramente decantado a favor dos visitantes. Polo resultado pero tamén polo xogo despregado ata daquela polos de Brais Prados que non conseguiran abrir a lata ata a segunda metade pero que foran superiores na primeira parte. Nos primeiros corenta e cinco minutos, os chairegos crearon ocasións abondas para ir ao intermedio cunha renda ampla, entre elas dúas balóns ao pau. Certo que tamén os locais puideran adiantarse cun penalti que parou Rodrigo.

A sorte viroulle daquela a sorte ao Becerreá pero sorriulle coa entrada ao campo de Damián, xogador do equipo cadete que

**“Tuvimos la suerte que no habiamos tenido en Castro en la primera vuelta”** ANTÓN MÉNDEZ Becerreá

**“Pensamos que xa o tiñamos feito, relaxámonos e pagámolo”** BRAIS PRADOS Castro

aproveita ben os seus minutos co xuvenil. Tras a súa entrada ao campo, o extremo converteuse no gran baluarte defensivo do ataque local. Así, en dúas xogadas consecutivas, igualou o encontro. Primeiro, sendo o mais listo para recuperar o balón nunha cesión ao porteiro, e, logo, aproveitando unha perda do Castro tras o saque de centro. Pouco despois, noutra acción individual na que se meteu na área, forzou un penalti que Santín converteu no definitivo tres a dous no Municipal.

# A Sarriana instálase na terceira praza

## TRAS VENCER ao Ribadeo

| SARRIANA 5 | RIBADEO 0 |
|---|---|
| Edgar | Diego ● |
| Arias | Román |
| Goyanes | Carlos |
| Marco | Paraje ●●● |
| Flores | Jorge |
| Fabián ● | David Cube |
| Cayuela | Hugo |
| Porral ●● | Miguel Yáñez |
| Dieguín | Toni |
| Miqueias | Iván |
| Abella ●●● | Adrián Cube ●● |
| Diego Pérez | Jose |
| Caracas | Dani |
| Manucho | Manu |
| Vilar | |
| Raúl | |

**Goles:** Abella (3), Fabián e Raúl.

**Arbitro:** Iván Abel Bruzos.

A Sarriana reforzou a súa candidatura á terceira praza cunha contundente vitoria ante o Ribadeo, tamén aspirante a ese posto. Tres puntos aínda mellores tras os resultados dos seus rivais directos ao billete para a Promoción de Ascenso xa que ningún gañou.

Os locais non tardaron en marcar o camiño. Ao minuto de xogo, Arias puxo un balón en longo que Porral disputou e prolongou para Abella. O dianteiro bateu a Diego cun tiro cruzado. Malia o revés, o Ribadeo –que chegara a Ribela sen tempo para o quecemento– repúxose e as forzas mantiveronse equilibradas ata o final da primeira metade na que Fabián marcou o 2–0 ao transformar unha pena máxima sobre Cayuela, que chegou á área sorteando rivais desde o medio campo.

O encontro tomaba cor local antes do descanso e, no reinicio, a Sarriana darialle un golpe definitivo con outro tanto temperán, nun contraataque tras un córner a favor dos ribadenses. Porral, Fabián e Abella montaron a contra que culminou con outro gol do dianteiro. O nove branco completou o triplete co cuarto. Antes do final, Raúl pechou o marcador.

“Solo se falla cuando se deja de creer” ALBERTO PÉREZ Sarriana

“Partido para olvidar en todos os aspectos. Temos que seguir remando e recuperar a nosa esencia” SALVA Ribadeo



Brais anticipandose a Carlos; Jorge segue segue a acción



Nano e Álex midense na carreira polo esférico na Frigsa

# Sebas mantén á Milagrosa no pulso

## POLA PRIMEIRA PRAZA cun gol no minuto 85. Os locais quedaron con todo o botín tras un partido igualado

**MILAGROSA 3 – 2 POLVORÍN FC**

**Goles:** Neira, Anxo e Sebas

**Goles:** Alberto e Porral




**Arbitro:** Eduardo Feijoo Trigo. **Campo:** Luis López Gorgoso-Frigsa.

**OS MELLORES**

| MIILAGROSA | POLVORÍN |
|---|---|
| DIEGO F. ●●● | SPEEDY ●●● |
| MARCO ●● | ALBERTO ●● |
| ANXO ● | PORRAL ● |

A Milagrosa mantense na loita pola primeira praza. Tras a vitoria do Villalbés B –que xogara e gañara o venres o partido da xornada– os da Frigsa estaban obrigados a gañar a un Polvorín que tamén poñía en xogo puntos importantes para seguir na pelexa pola terceira praza.

A igualdade foi a tónica da primeira metade, con poucas ocasións claras nas áreas. A mellor, un remate de Marco a porta baleira que se foi por riba da portería. Os amarelos que saíron a controlar ao rival e non cometer erros remataron un par de córners con certo perigo. Sen embargo sería Neira o que, ao fío do descanso, nun saque de esquina, adiantaría aos locais.

Tras o paso polos vestiarios, co marcador en contra, o Polvorín adiantou liñas e comezou a presionar en campo contrario. Tras un par de avisos, Alberto empatou o encontro nunha xogada individual. O gol deu ás aos visitantes que tiveron dúas ocasións, de lago e Speedy, para adiantarse. O partido abrirase converténdose nun ida e volta ás áreas. Así,

“Partido moi igualado que puido gañar calquera dos dous equipos” COUSO Milagrosa

“Partido moi igualado. Mágoa que se nos escapase o punto que tiñamos” KUBALA Polvorín FC

Anxo marcou o 2–1 para a Milagrosa e, pouco despois, Porral igualou de novo a contenda.

O partido encamiñábase ao final con empate pero, no 85, Sebas, que apenas levaba dez minutos no campo, estreouse como goleador rematando de cabeza un córner.

O tanto mantén á Milagrosa a dous puntos do Rácing Villalbés B.

# O Rácing B mantén a distancia

## DE DOUS PUNTOS sobre a Milagrosa tras vencer ao San Ciprián nun partido igualado ata o descanso que se decidiu na segunda parte

| RC VILLALBÉS 3 | SAN CIPRIÁN 0 |
|---|---|
| Óscar | Elías ●● |
| Cabado | Diego L. |
| Cristian | Jairo |
| Ángel ●● | Pelayo |
| Xoel | Nacho |
| Anxo | Ivanilson |
| Marco | Abraham ● |
| Abel | Andrés |
| Iago | Fly |
| Gabri | Diego B. ●●● |
| David B. | Hugo S. |
| Álex Anido ● | Cristian |
| Álex | Iván |
| Santi | David |
| Carlo | Irfán |
| Gabri B. ●●● | Dani |

**Goles:** Abel e Gabri Blanco (2).

**Arbitro:** Jorge Estraviz Cerdeira

O Villalbés B mantén a renda de dous puntos sobre a Milagrosa. Os chairegos sumaron o pasado venres ante o San Ciprián unha vitoria que os mantén unha xornada máis no liderado.

O encontro decantouse na segunda metade tras unha primeira igualada na que, no tramo inicial, os visitantes chegaron a área con internadas pola banda esquerda de Fly e estrelaron un balón contra a madeira nun remate de Nacho nun córner. Nos últimos dez minutos antes do descanso foron os locais os que máis apertaron, pechando na área ao San Ciprián. Con todo, ao descanso chegouse con cero a cero no marcador. O encontro comezaría a desnivelarse ao pouco de iniciarse a segunda metade, cun gol de Abel nun rexeitamento tras un córner. O San Ciprián, que comezara a segunda parte moi metido atrás, seguiu sufrindo e encaixou dous tantos máis en dúas accións pola banda que rematou Gabriel Blanco.

“No que resta temos que dar todos o máximo para intentar alcanzar o obxectivo” IVÁN LAMAS Villalbés B

“Boa actitude e traballo a pesar do baixón da segunda parte” MADARIAGA San Ciprián

## CLASIFICACIÓNS

### XUVENIL Promoción Ascenso

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| RC Villalbés – San Ciprián | 3–0 |
| Sagrado C. – Foz | 3–3 |
| Sarriana – Ribadeo | 5–0 |
| Becerreá – Castro | 3–2 |
| Milagrosa – Polvorín | 3–2 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| RC VILLALBËS B | 34 | 14 | 10 | 4 | 0 | 34 | 8 |
| S.C.D. MILAGROSA | 32 | 14 | 10 | 2 | 2 | 48 | 11 |
| S.D. SARRIANA | 22 | 14 | 6 | 4 | 4 | 32 | 26 |
| C.D. FOZ | 20 | 14 | 6 | 2 | 6 | 28 | 32 |
| POLVORIN F.C. | 19 | 14 | 5 | 4 | 5 | 24 | 26 |
| C.D. CASTRO | 18 | 14 | 5 | 3 | 6 | 28 | 26 |
| SD RIBADEO | 16 | 14 | 4 | 4 | 6 | 18 | 29 |
| SAGRADO | 15 | 14 | 4 | 3 | 7 | 20 | 28 |
| S.D. BECERREA | 12 | 14 | 4 | 0 | 10 | 20 | 42 |
| C.D. SAN CIPRIAN | 8 | 14 | 2 | 2 | 10 | 17 | 41 |

**PRÓXIMA XORNADA**

Polvorín FC – Villalbés B
Ribadeo – Becerreá
San Ciprián – Sagrado C.
Castro – Milagrosa
Foz – Sarriana



DEPUTACIÓN DE LUGO
A DEPUTACIÓN DE LUGO CO DEPORTE

# Porteiros

## OS GARDAMETAS ROBERTO FERNÁNDEZ E MANU SOTELO foron os poñentes dunha charla formativa impulsada pola Deputación á que acudiron máis de 140 persoas



O Deputado de Deportes, Pablo Rivera Capón, o Presidente da Federación Galega de Fútbol, Rafael Louzán Abal, e o Vicepresidente da Federación, Carlos Méndez Moreira, participaron na xornada do Comité Galego de Adestradores, que tivo lugar no salón de actos do Pazo de San Marcos que se levou a cabo a semana pasada.

Esta xornada, de carácter formativo, é a máis importante das celebradas durante o 2019, pois contou con dous poñentes de referencia no adestramento de porteiros en Galicia: Roberto Fernández, que foi porteiro do Granada ou do CD Lugo, entre outros clubs, e que agora prepara aos porteiros da entidade albivermella; e Manu Sotelo, ex adestrador de porteiros do RC Celta, RC Deportivo ou do Nottingham Forest.

O Deputado Provincial, Pablo Rivera Capón explicou que "a tecnificación e a especialización son vitais para que os clubs de fútbol avancennuns campionatos nos que cada vez hai máis calidade e competitividade, polo que para nós é un pracer acoller xornadas como esta e apoiar aos adestradores da nosa provincia".

Máis de 140 persoas asistiron ao relatorio, gratuíto para os técnicos colexiados. Durante o acto anunciouse o inicio dun curso, por primeira vez en Lugo, para a formación específica en adestramento dun posto tan definido coma é o de porteiro.

A ponencia de Roberto Fernández, que xunto con Diego López, é o maior expoñente lucense baixo paus, levou por título "Metodoloxía de adestramento de porteiros no CD Lugo". Mentres, Manu Sotelo expuxo a súa visión sobre "O rol do porteiro: Do rendemento individual ó colectivo". Dúas intervencións das que gozaron todos os asistentes no salón de actos do Pazo de San Marcos nunha nova actividade dirixida a este posto esencial e tan específico nun equipo de fútbol

"A tecnificación e a especialización son vitais para que os clubs avancen, nuns campionatos nos que cada vez hai máis calidade e competitividade, polo que é un pracer acoller xornadas como esta e apoiar aos adestradores da provincia" Pablo Rivera, Deputado Provincial

A Real Federación Galega de Fútbol organizou o coloquio, no que os poñentes foron Roberto Fernández, ex futbolista do Granada e CD Lugo e que agora prepara aos porteiros do club albivermello, e Manu Sotelo, ex porteiro do RC Celta e RC Deportivo